

## Disposición adicional primeira.

Modifícase o número nove do artigo 42 da Lei 13/1996, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que quedará redactado como segue:

«Nove. O importe do recadado por esta taxa formará parte do orzamento de ingresos do ente público Aeroportos Españóis e Navegación Aérea. Non obstante, o 50 por 100 do recadado por esta taxa, ou a porcentaxe que se fixe na Lei de orzamentos, ingresárase no Tesouro público.»

Disposición adicional segunda. *Bens das institucións eclesiásticas.*

Prorrógase por sete anos, a partir da entrada en vigor desta lei, o prazo a que se refire a disposición transitoria primeira da Lei 42/1994, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, en relación coa disposición transitoria quinta da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español.

## Disposición adicional terceira.

Amplíase até o 31 de decembro de 2005 o prazo establecido no parágrafo primeiro da disposición adicional décimo quinta da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro.

Disposición adicional cuarta. *Taxas aeroportuarias.*

AENA publicará anualmente o custo real dos servizos prestados nos aeroportos. Nesta publicación xustificárase, nos termos anteriores, o principio de equivalencia entre a taxa e o custo do servizo ou actividade que constitúe o seu feito imponible.

## Disposición derogatoria.

Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan a esta lei e, en particular:

a) Os artigos 55 a 60 da taxa por inscrición catastral do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2004, do 5 de marzo.

b) O número 32, «Certificado de seguranza radioelétrica», do anexo do número sete do artigo 12 da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, modificado polo artigo 25.un da Lei 24/2001, do 27 de decembro.

c) O artigo 18 da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

d) O artigo 16 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, e o artigo 16 da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2005.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 29 de decembro de 2004.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

## MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

**21841** REAL DECRETO 2296/2004, do 10 de decembro, polo que se aproba o Regulamento sobre mercados de comunicacións electrónicas, acceso ás redes e numeración. («BOE» 314, do 30-12-2004.)

O novo marco europeo regulador das comunicacións electrónicas, dirixido fundamentalmente a consolidar a libre competencia no mercado das telecomunicacións, supón un afondamento nos principios xa consagrados na normativa anterior, entre os que se encontran a introdución de mecanismos correctores que garantan a diversidade na oferta de redes e servizos, a protección dos dereitos dos usuarios e a mínima intervención da Administración no sector, respectando a autonomía das partes nas relacións entre operadores.

A capacidade de elección dos usuarios, como consecuencia directa da concorrencia no sector, traducíuse, así mesmo, por unha mellora dos niveis de calidade dos servizos e por unha redución dos seus prezos. Esta tendencia iniciada na etapa anterior verase reforzada pola entrada en vigor do novo marco regulatorio, do que forma parte este regulamento.

A Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, constitúe o alicerce fundamental da nova regulación das comunicacións electrónicas, tendo en conta que o concepto de «telecomunicacións» inclúe o de «comunicacións electrónicas», cuxo ámbito é máis restrinxido segundo se recolle nas novas disposicións comunitarias. Nela fixéronse os principios básicos que garanten o establecemento dunhas condicións apropiadas para o desenvolvemento do mercado en competencia. Entre outras, defínense os mecanismos para a identificación dos diferentes mercados de referencia e a imposición, en caso necesario, de obrigas específicas aos operadores con poder significativo nestes, e diferéncianse as obrigas relativas aos mercados por xunto e a retallo. Por outra parte, establécense as condicións necesarias para facilitar o acceso e a interconexión das redes públicas de comunicacións electrónicas, como elemento clave para facilitar a actividade dos novos operadores, de forma que os usuarios poidan acceder aos servizos que se presten a través das diferentes redes.

Así mesmo, a lei fixa o marco regulador dos recursos públicos de numeración, enderezamento e denominación, de forma que a súa utilización polos operadores garanta unha prestación eficaz dos servizos de comunicacións electrónicas. Neste sentido, o Real decreto aproba o Plan nacional de numeración telefónica, cuxo texto se incorpora como anexo.

O regulamento que se aproba mediante este real decreto ten por obxecto o desenvolvemento dos capítulos II, III e IV do título II da lei, e nel desenvólvense todas estas materias, concretando determinados aspectos contidos nas directivas comunitarias correspondentes, en especial, as directivas 2002/19/CE, 2002/20/CE, 2002/21/CE, 2002/22/CE do Parlamento Europeo e do Consello, todas do 7 de marzo de 2002, relativas ao acceso ás redes de comunicacións electrónicas e recursos asociados, e á súa interconexión (Directiva de acceso), á autorización de redes e servizos de comunicacións electrónicas (Directiva de autorizacións), a un marco regulador común das redes e os servizos de comunicacións electrónicas (Directiva marco) e ao servizo universal e os dereitos dos usuarios en relación coas redes e os servizos de comunicacións

electrónicas (Directiva de servizo universal), respectivamente.

O regulamento delimita os dereitos e obrigas dos operadores e desenvolve as competencias nos ámbitos indicados tanto do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio como da Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

Así, no relativo aos mercados de referencia na explotación de redes e na subministración de servizos de comunicacións electrónicas, o regulamento desenvolve o procedemento para a súa identificación e análise pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións e a súa facultade para impor obrigas específicas apropiadas aos operadores que posúan un poder significativo en cada mercado considerado, entre as que se encontran, para o caso dos mercados por xunto, as obrigas de transparencia, non-discriminación, separación de contas, acceso a recursos específicos das redes e control de prezos. Para os operadores con poder significativo nos mercados a retallo, regúlanse, así mesmo, as obrigas de selección de operador e de control de prezos, así como as aplicables aos operadores que subministren o servizo de liñas susceptibles de arrendamento.

O regulamento tamén regula as condicións de acceso ás redes públicas e a súa interconexión ao considerarse elementos básicos dun mercado en competencia e, en particular, habilita a Comisión do Mercado das Telecomunicacións para impor obrigas aos operadores que controlen o acceso aos usuarios finais, en particular, na medida en que resulte necesario para garantir a conexión extremo a extremo.

Finalmente, defínense os principios e procedementos relativos á planificación e xestión dos recursos públicos de numeración, enderezamento e denominación, de forma que os operadores e os usuarios finais poidan acceder a eles en condicións adecuadas. Ademais, regula a conservación dos números polos abonados, de maneira que se facilite a posibilidade de elección de operador por parte daqueles, eliminando un dos principais obstáculos que poden impedir que os abonados cambien de operador do servizo telefónico dispoñible ao público.

Este regulamento dítase ao amparo da competencia exclusiva do Estado en materia de telecomunicacións, recoñecida no artigo 149.1.21.<sup>a</sup> da Constitución.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 10 de decembro de 2004,

## DISPONGO:

### Artigo 1. *Aprobación do regulamento.*

Apróbase o Regulamento sobre mercados de comunicacións electrónicas, acceso ás redes e numeración, que se insire a seguir.

### Artigo 2. *Aprobación do Plan nacional de numeración telefónica.*

Apróbase o Plan nacional de numeración telefónica, que se recolle no anexo deste real decreto.

Disposición transitoria primeira. *Vixencia das disposicións de desenvolvemento do Plan nacional de numeración e sobre conservación de números e selección de operador.*

As disposicións sobre atribución e adxudicación de recursos públicos de numeración, así como as relativas á conservación de números e selección de operador, dita-

das ao abeiro da lexislación anterior á Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, manterán a súa vixencia mentres non se dispoña o contrario en desenvolvemento do regulamento que se aproba mediante este real decreto.

Disposición transitoria segunda. *Vixencia do Rexistro público de numeración.*

O Rexistro público de numeración, creado ao abeiro do Real decreto 225/1998, do 16 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de procedemento de asignación e reserva de recursos públicos de numeración pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións, manterá a súa vixencia até que se desenvolva o disposto no artigo 63.3 do regulamento que se aproba mediante o presente real decreto.

Unha vez publicada a orde a que se refire o citado artigo, o Rexistro público de numeración deberá acomodarse ao que se dispoña na dita orde.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas as seguintes disposicións:

a) O Real decreto 1651/1998, do 24 de xullo, polo que se aproba o Regulamento polo que se desenvolve o título II da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, no relativo á interconexión e ao acceso ás redes públicas e á numeración.

b) O Plan nacional de numeración para os servizos de telecomunicacións, aprobado polo Acordo do Consello de Ministros, do 14 de novembro de 1997.

c) O Real decreto 225/1998, do 16 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de procedemento de asignación e reserva de recursos públicos de numeración pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

d) O Real decreto 3456/2000, do 22 de decembro, polo que se aproba o Regulamento que establece as condicións para o acceso ao bucle de abonado da rede pública telefónica fixa dos operadores dominantes.

e) Calquera outra disposición de igual ou inferior rango cuxo contido se opoña ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Competencias de desenvolvemento.*

O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, de acordo co previsto no regulamento que se aproba mediante este real decreto, poderá ditar as normas que requiran o seu desenvolvemento e a súa aplicación.

Disposición derradeira segunda. *Fundamento constitucional.*

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia exclusiva sobre telecomunicacións que lle atribúe ao Estado o artigo 149.1.21.<sup>a</sup> da Constitución.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 10 de decembro de 2004.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio,  
JOSÉ MONTILLA AGUILERA

## REGULAMENTO SOBRE MERCADOS DE COMUNICACIÓN ELECTRÓNICAS, ACCESO ÁS REDES E NUMERACIÓN

### TÍTULO I

#### Obxecto e ámbito de aplicación

##### Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

Este regulamento dítase en desenvolvemento dos capítulos II, III e IV do título II da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, e ten por obxecto:

a) Establecer os procedementos para a identificación e a análise pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións dos mercados de referencia relativos ás redes e servizos de comunicacións electrónicas, para a declaración de operadores con poder significativo de mercado e para a imposición, mantemento, supresión ou modificación de obrigas específicas aos ditos operadores.

b) A regulación da interconexión e o acceso ás redes públicas de comunicacións electrónicas e aos seus recursos asociados, salvo que o beneficiario do acceso sexa un usuario final.

c) Establecer as condicións e os procedementos para a planificación e xestión dos recursos públicos de numeración, enderezamento e denominación. Non obstante, queda excluída do seu ámbito de aplicación a regulación dos nomes de dominio da internet baixo o indicativo de país correspondente a España («.es»), que se rexerá pola súa normativa específica.

### TÍTULO II

#### Mercados de referencia e obrigas aplicables aos operadores con poder significativo no mercado

##### CAPÍTULO I

#### Mercados de referencia e operadores con poder significativo no mercado

##### Artigo 2. *Mercados de referencia.*

1. A Comisión do Mercado das Telecomunicacións, tendo en conta as directrices da Comisión Europea para a análise de mercados e a determinación de operadores con poder significativo no mercado, así como as recomendacións da Comisión Europea relativas a mercados pertinentes de comunicacións electrónicas que poden ser obxecto de regulación «ex ante», definirá mediante unha resolución publicada no «Boletín Oficial del Estado» os mercados de referencia relativos a redes e servizos de comunicacións electrónicas, entre os que se incluírán os correspondentes mercados de referencia por xunto e a retallo e o seu ámbito territorial, cuxas características poden xustificar a imposición de obrigas específicas.

2. En concreto, cada mercado de referencia abarcará todos os servizos de comunicacións electrónicas que sexan o suficientemente intercambiáveis ou substituíbles, xa sexa polas súas características obxectivas (en virtude das cales resultan especialmente idóneos para satisfacer as necesidades constantes dos consumidores, o seus prezos ou o seu uso previsto) xa sexa polas condicións de competencia ou a estrutura da oferta e a demanda no mercado de que se trate.

3. O ámbito territorial dos mercados de referencia establecerase sobre a base de áreas en que os operadores participan na oferta e a demanda dos correspondentes servizos de comunicacións electrónicas, as condicións de

competencia son similares ou suficientemente homoxéneas e que poden distinguirse das zonas veciñas por ser considerablemente distintas as condicións da competencia prevalentes.

##### Artigo 3. *Procedemento de análise de mercado.*

1. A Comisión do Mercado das Telecomunicacións levará a cabo, como mínimo cada dous anos e, en todo caso, tras a adopción das recomendacións da Comisión Europea relativas a mercados pertinentes de comunicacións electrónicas que poden ser obxecto de regulación «ex ante», unha análise dos mercados de referencia a que se refire o artigo 2.

As análises realizaranse tendo en conta as directrices establecidas pola Comisión Europea e logo de informe do Servizo de Defensa da Competencia. Para tal efecto, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións xuntará á solicitude do citado informe toda a información relevante para que esta poida proceder a unha adecuada valoración do grao de competencia existente nos mercados de referencia. O Servizo de Defensa da Competencia emitirá o seu informe no prazo máximo dun mes desde a recepción da referida solicitude.

Estas análises terán como finalidade determinar se os distintos mercados de referencia se desenvolven nun contorno de competencia efectiva e realizaranse desde unha óptica prospectiva, para determinar se a ausencia ou existencia de competencia efectiva en cada mercado é unha situación perdurable e, considerando neste último suposto, se a supresión das obrigas específicas que, se é o caso, tivesen impostas os operadores podería levar a alterar a situación da competencia no mercado en cuestión ou se a ausencia de competencia aconsella a imposición de obrigas específicas.

2. A Comisión do Mercado das Telecomunicacións fará públicos os resultados das análises a que se refire o punto anterior e, cando considere que nun mercado de referencia non existe competencia efectiva, identificará e fará públicos o operador ou operadores que posúen poder significativo no dito mercado.

Para estes efectos, considerarase que un operador ten poder significativo no mercado cando, individual ou conxuntamente con outros, goza dunha posición equivalente a unha posición dominante, isto é, unha posición de forza económica que permite que o seu comportamento sexa, en medida apreciable, independente dos competidores, os clientes e, en última instancia, os consumidores que sexan persoas físicas.

Cando un operador ou operadores teñan, individual ou conxuntamente, poder significativo nun mercado de referencia, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións poderá declarar que o teñen tamén noutro mercado de referencia estreitamente relacionado co anterior, cando considere que os vínculos entre ambos sexan tales que fagan posible que o poder que se ten nun mercado produza repercusións no outro, reforzando desta maneira o poder no mercado do operador.

3. A Comisión do Mercado das Telecomunicacións poderá estimar que dous ou máis operadores teñen conxuntamente poder significativo nun mercado de referencia cando, aínda sen existir vínculos estruturais ou doutro tipo entre eles, operen nun mercado cuxa estrutura se considera que favorece os efectos coordinados e se presenten, fronte ao seus clientes e competidores, na mesma posición que tería un só operador con poder significativo no dito mercado.

Na práctica, a falta de competencia pódese deber á existencia de certos vínculos entre os citados operadores ou cando, aínda sen existir vínculos estruturais ou doutro tipo entre eles, operen nun mercado cuxa estrutura se considera que favorece os efectos coordinados.

Co obxecto de avaliar a existencia dunha posición dominante conxunta, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións poderá tomar en consideración, entre outras, as seguintes circunstancias nos ditos mercados:

- a) O grao de concentración do mercado.
- b) O nivel de transparencia.
- c) O mercado que alcanzou a madurez.
- d) O crecemento estancado ou moderado por parte da demanda.
- e) A baixa elasticidade da demanda.
- f) O produto homoxéneo.
- g) As estruturas de custos similares.
- h) As cotas de mercado similares.
- i) A falta de innovación tecnolóxica ou tecnoloxía próxima á obsolescencia.
- j) A ausencia de exceso de capacidade.
- k) As fortes obstáculos ao acceso ao mercado.
- l) A ausencia de poder compensatorio dos compradores.
- m) A falta de competencia potencial.
- n) Os diversos tipos de vínculos informais ou doutra natureza entre as empresas afectadas.
- ñ) Os mecanismos de retorsión.
- o) A ausencia ou insuficiencia de competencia de prezos.

## CAPÍTULO II

### Obrigas aplicables aos operadores con poder significativo no mercado

#### DISPOSICIÓNS XERAIS

#### Artigo 4. *Imposición, mantemento, modificación e supresión de obrigas.*

1. Cando, tras a análise de mercado a que se refire o artigo 3, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións determine que un mercado non se desenvolve nun contorno de competencia efectiva e, consecuentemente, declare o operador ou operadores con poder significativo no dito mercado, determinará as obrigas específicas apropiadas que sexan exixibles aos ditos operadores.

A este respecto, as obrigas específicas que a Comisión do Mercado das Telecomunicacións poderá impor, manter ou modificar estarán, respecto dos mercados por xunto, entre as relacionadas no capítulo III e, respecto dos mercados a retallo, entre as relacionadas no capítulo IV deste título.

2. As obrigas específicas que se impoñan de acordo co punto anterior basearanse na natureza do problema identificado, serán proporcionadas e estarán xustificadas no cumprimento dos obxectivos establecidos no artigo 3 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións. As ditas obrigas manteranse en vigor durante o tempo estritamente imprescindible.

3. Así mesmo, cando tras unha análise de mercado, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións determine que un mercado se desenvolve nun contorno de competencia efectiva, suprimirá as obrigas que, de conformidade co punto 1, tivesen impostas os operadores que fosen declarados con poder significativo no dito mercado, e informará da supresión a todas as partes interesadas cunha antelación mínima de dous meses á súa efectividade.

4. Para impor obrigas específicas consideraranse, se é o caso, as condicións peculiares presentes nos novos mercados en expansión, isto é, aqueles con perspectivas de crecemento elevadas e niveis reducidos de contratación polos usuarios e nos cales aínda non se alcanzou unha estrutura estable, e evitárase o establecemento pre-

maturo de obrigas que limiten ou atrasen o seu desenvolvemento.

#### Artigo 5. *Procedementos de consulta e de notificación.*

1. A Comisión do Mercado das Telecomunicacións, nos termos previstos no artigo 86 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, someterá a un procedemento de información pública a definición dos mercados de referencia, as análises dos ditos mercados e identificación dos operadores con poder significativo neles, así como a adopción de medidas relativas á imposición, mantemento, modificación ou supresión de obrigas específicas sobre estes operadores.

2. A Comisión do Mercado das Telecomunicacións fará públicas as consultas en curso en relación coa posible adopción das medidas que incidan significativamente nun mercado de referencia, e porá á disposición do público os resultados das ditas consultas, salvo a información que poida considerarse confidencial en aplicación da normativa nacional e comunitaria en materia de segredo comercial ou industrial.

Desde a páxina web da Comisión do Mercado das Telecomunicacións accederase a todas as consultas en curso, e constituirase como un punto único de información.

3. Así mesmo, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións notificará os proxectos de medidas que poidan ter repercusións nos intercambios entre Estados membros, xunto coas súas motivacións, ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, ao Ministerio de Economía e Facenda, así como á Comisión Europea e ás autoridades nacionais de regulamentación dos outros Estados membros da Unión Europea, cando os ditos proxectos se refiran:

a) Á definición e ao resultado das análises de mercados de referencia a que se refiren os artigos 2 e 3, así como á designación dos operadores con poder significativo nos ditos mercados.

Non obstante, non se precisará notificación no caso da definición de mercados que coincidan cos identificados nas recomendacións da Comisión Europea relativas a mercados pertinentes de comunicacións electrónicas que poden ser obxecto de regulación «ex ante».

b) Á imposición, mantemento, modificación e supresión de obrigas específicas sobre acceso e interconexión a operadores con poder significativo nos mercados por xunto, ás que se refiren os artigos 7, 8, 9, 10 e 11.

c) Á revisión de obrigas específicas nos mercados a retallo relativas a control de prezos, selección de operador ou a liñas susceptibles de arrendamento establecidas a operadores dominantes con anterioridade á entrada en vigor da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.

A notificación realizarase no marco de cada procedemento administrativo en curso, a que se refire o punto 1, e motivarase e garantirase a confidencialidade da información que afecte segredos comerciais ou industriais.

4. As notificacións consideradas no punto anterior levaranse a cabo para que os organismos citados nel poidan, no prazo máximo dun mes, presentar as súas observacións aos proxectos de medidas.

A Comisión do Mercado das Telecomunicacións terá en conta as ditas observacións na maior medida posible e, salvo nos casos previstos no punto seguinte, poderá adoptar o proxecto de medidas resultante; neste caso, comunicáralo á Comisión Europea.

5. No caso de proxectos de medidas a que se refire o punto 3, que teñan por obxecto a definición de mercados distintos dos identificados nas recomendacións da Comisión Europea relativas a mercados pertinentes a citadas no

artigo 2.1, ou no da declaración de operadores con poder significativo no mercado, conforme o artigo 3.2, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións non poderá adoptar a medida se, dentro do prazo citado no punto 4 anterior, a Comisión Europea manifesta que a adopción da dita medida podería obstaculizar o mercado interior ou que alberga serias dúbidas en canto á súa compatibilidade co dereito comunitario.

En tal caso, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións non poderá adoptar a medida definitiva até que transcorran outros dous meses adicionais e deberá retirar a medida se a Comisión Europea, dentro deste prazo adicional, se pronuncia no sentido de instar á retirada do proxecto, mediante unha decisión acompañada dunha análise detallada e obxectivo das razóns polas que considera que o proxecto de medida non debería adoptarse.

6. Excepcionalmente, cando existan razóns de urxencia para preservar a competencia e protexer os intereses dos usuarios que non fagan posible actuar de acordo cos procedementos de información pública e de notificación establecidos nos puntos anteriores, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións poderá adoptar inmediatamente medidas cautelares proporcionadas, que deberán comunicarse canto antes, xunto á súa motivación, ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, ao Ministerio de Economía e Facenda, á Comisión Europea e ás outras autoridades nacionais de regulamentación dos demais Estados membros da Unión Europea.

A decisión correspondente de facer permanentes as ditas medidas, ou de prolongar o seu período de aplicación, estará suxeita ás disposicións dos puntos anteriores deste artigo.

### CAPÍTULO III

#### **Obrigas aplicables aos operadores con poder significativo en mercados por xunto**

##### Artigo 6. *Obrigas aplicables.*

De acordo co establecido no artigo 4, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións imporá obrigas en materia de acceso e interconexión, das indicadas nos artigos 7, 8, 9, 10, 11 e 12, aos operadores que fosen declarados con poder significativo en mercados por xunto de conformidade co artigo 3.

##### Artigo 7. *Obrigas de transparencia.*

1. Poderáselles exixir aos operadores a que se refire o artigo anterior que fagan pública determinada información en materia de acceso e interconexión, como a relativa:

- a) Á contabilidade.
- b) Ás características das redes.
- c) Ás especificacións técnicas.
- d) As condicións da subministración e utilización.
- e) Aos prezos.

Sen prexuízo do disposto no título III do Código de comercio e no capítulo VII do texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións poderá establecer o contido e o grao de concreción coa que se deberá facer pública a dita información, así como a forma e periodicidade da súa publicación.

Ademais, cando, de conformidade co artigo 8, se imponen aos ditos operadores obrigas de non-discriminación, o citado organismo poderá exixirlles que publiquen unha oferta de referencia, o suficientemente desagregada para garantir que non se lles exixa a outros

operadores pagar por recursos que non sexan necesarios para o servizo requirido. Esta desagregación realizarase de acordo coas necesidades do mercado e incluírá tanto as condicións da subministración coma os prezos.

2. A Comisión do Mercado das Telecomunicacións poderá determinar a información concreta que deberán conter as ditas ofertas, o nivel de detalle exixido e a modalidade da súa publicación ou posta á disposición das partes interesadas, tendo en conta a natureza e propósito da información en cuestión.

En particular, poderase requirir que as ofertas inclúan, entre outros, os seguintes elementos:

a) A localización e a descrición dos puntos en que se ofrece o acceso, incluíndo, se é o caso, os niveis de rede ou área de cobertura asociados a cada un deles e a súa numeración asociada.

b) Os servizos ou modalidades de servizo de acceso ofrecidas. Cando sexa pertinente, sinalaranse as particularidades de índole técnica ou económica aplicables a cada unha delas e a descrición exhaustiva das capacidades funcionais incluídas dentro de cada servizo ou modalidade de servizo de acceso.

c) As características técnicas requiridas das redes ou elementos específicos que se vaian empregar para a conexión aos puntos en que se ofrece o acceso; se é o caso, incluírase a información relativa ás condicións da subministración das ditas redes ou elementos específicos.

d) As especificacións técnicas das interfaces ofertadas nos puntos en que se ofrece o acceso; cando sexa pertinente, incluíranse as súas características físicas e eléctricas, os sistemas de sinalización e os protocolos aplicables aos servizos de acceso e as capacidades funcionais ofertadas a través da interface.

e) A información, se é o caso, sobre os servizos ou capacidades funcionais proporcionados aos usuarios finais polo operador obrigado, para os que se requira o seu interfuncionamento nos puntos en que se ofrece acceso.

f) As características e as condicións para a selección de operador, e incluíranse, se procede, limitacións ou peculiaridades que afecten determinados tipos de comunicacións en función das súas características ou da súa orixe ou destino.

g) As características e as condicións para a conservación dos números ou, se é o caso, nomes ou enderezos.

h) Os procedementos e as condicións para o acceso á información para a prestación dos servizos e aos sistemas de operación relevantes.

i) As condicións xerais para a realización e o mantemento do acceso, en especial, as relativas aos métodos e ás fases das probas para a súa verificación e procedementos para proceder ás actualizacións ou ás modificacións nos puntos de acceso cando non constitúan unha modificación na oferta.

j) Os acordos de nivel de servizo.

k) As condicións económicas, incluíndo os prezos aplicables a cada unha das compoñentes da oferta.

3. A Comisión do Mercado das Telecomunicacións poderá introducir cambios nas ofertas de referencia para facer efectivas as obrigas a que se refire este capítulo e establecerá, para cada tipo de oferta de referencia, o procedemento para a súa aplicación e, se é o caso, os prazos para a negociación e formalización dos correspondentes acordos de acceso; tamén entenderá dos conflitos que en relación con estes accesos se susciten entre os operadores, tanto durante a negociación dos acordos como durante a súa execución, de conformidade co establecido no artigo 23.3.a).

4. Non obstante o disposto no punto 2, os operadores que de acordo co artigo 10 estean obrigados a facilitar

o acceso desagregado aos bucles locais de abonado de pares metálicos deberán dispor dunha oferta de acceso ao bucle de abonado que deberá incluír, como mínimo, os elementos que se recollen no anexo II deste regulamento.

#### Artigo 8. *Obrigas de non-discriminación.*

Os operadores que fosen declarados con poder significativo nun mercado por xunto, en particular, poderán estar o suxeitos á obriga de que apliquen condicións equivalentes en circunstancias semellantes aos operadores que presten servizos equivalentes, e proporcionen a terceiros servizos e información da mesma calidade que os que proporcionen para o seus propios servizos ou os das súas filiais ou asociados e nas mesmas condicións, en particular, as relativas:

- a) Á calidade dos servizos.
- b) Aos prazos de entrega.
- c) As condicións da subministración.

Ademais, cando se impoñan obrigas en materia de non-discriminación, os acordos de interconexión e acceso que celebren os operadores declarados con poder significativo nun mercado por xunto coas súas empresas filiais ou asociadas deberán recoller todas e cada unha das condicións técnicas e económicas que se apliquen.

#### Artigo 9. *Obrigas de separación de contas.*

1. Os operadores que fosen declarados con poder significativo nun mercado por xunto poderán estar suxeitos á obriga de separación de contas en relación coas actividades de acceso e interconexión.

A Comisión do Mercado das Telecomunicacións poderá establecer o alcance e as condicións da dita separación de contas.

2. Así mesmo, poderáselles exixir aos ditos operadores, cando estean integrados verticalmente, que poñan de manifesto de maneira transparente os prezos por xunto e os prezos de transferencia que practican, en particular para garantir o cumprimento do principio de non-discriminación ou, cando proceda, para impedir as subvencións cruzadas de carácter desleal. Para estes efectos, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións poderá especificar o formato e a metodoloxía contable que se deberá aplicar.

Sen prexuízo das obrigas da subministración de información que recaian sobre os operadores de redes e servizos de comunicacións electrónicas, para facilitar a comprobación das obrigas de transparencia e non-discriminación, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións, de conformidade co establecido no artigo 9 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, poderá exixir que se lle faciliten, baixo petición, documentos contables, incluída a información relativa aos ingresos percibidos de terceiros en materia de acceso e interconexión, e facer pública a dita información na medida en que contribúa á consecución dun mercado aberto e competitivo, conforme o establecido na normativa nacional e comunitaria en materia de segredo comercial e industrial.

#### Artigo 10. *Obrigas de acceso a recursos específicos das redes e á súa utilización.*

1. Poderáselles exixir aos operadores que fosen declarados con poder significativo nun mercado por xunto que satisfagan as solicitudes razoables de acceso a elementos específicos das súas redes e aos seus recursos asociados, así como as relativas á súa utilización, entre outros casos, naquelas situacións en que se considere que a denegación do acceso ou unhas condicións non

razoables de efecto análogo poden constituír un obstáculo ao desenvolvemento dun mercado competitivo sustentable a escala retallista ou que non benefician os usuarios finais.

En particular, poderanse impor as seguintes obrigas:

- a) Conceder acceso a terceiros a elementos e recursos específicos das súas redes, incluído o acceso desagregado ao bucle de abonado.
- b) Negociar de boa fe coas empresas que soliciten o acceso.
- c) Non revogar unha autorización de acceso a recursos previamente concedida, en especial cando resulte esencial para a subministración dos seus servizos.
- d) Prestar servizos específicos en réxime de venda por xunto para a súa revenda a terceiros.
- e) Conceder libre acceso a interfaces técnicas, protocolos ou outras tecnoloxías clave que sexan indispensables para a interoperabilidade dos servizos ou de servizos de redes virtuais.
- f) Facilitar a colocación ou outras modalidades de compartición de instalacións, incluíndo condutos, edificios ou mastros.
- g) Prestar determinados servizos necesarios para garantir a interoperabilidade de servizos extremo a extremo ofrecidos aos usuarios, con inclusión dos recursos necesarios para os servizos de rede intelixente ou a itinerancia en redes móbiles.
- h) Proporcionar acceso a sistemas de apoio operativos ou a sistemas informáticos similares, necesarios para garantir condicións equitativas de competencia na prestación de servizos.
- i) Interconectar redes ou os recursos destas.

Poderanse vincular a estas obrigas condicións en materia de equidade, racionalidade e oportunidade.

As solicitudes de acceso referentes ás obrigas anteriores só se poderán denegar sobre a base de criterios obxectivos como a viabilidade técnica ou a necesidade de preservar a integridade da rede.

2. Cando a Comisión do Mercado das Telecomunicacións analice a conveniencia de impor as obrigas recollidas neste artigo e, en particular, ao avaliar se as ditas obrigas resultarían coherentes cos obxectivos e principios do artigo 3 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, terá en conta, entre outros, os seguintes aspectos:

- a) A viabilidade técnica e económica de utilizar ou instalar recursos que compitan entre si, á vista do ritmo de desenvolvemento do mercado, tomando en conta a natureza e o tipo de interconexión e acceso de que se trate.
- b) A posibilidade de proporcionar o acceso proposto, en relación coa capacidade dispoñible.
- c) O investimento inicial do propietario do recurso, tendo presentes os riscos en que se incorreu ao efectualo.
- d) A necesidade de salvagardar a competencia a longo prazo.
- e) Cando proceda, os dereitos pertinentes en materia de propiedade industrial e intelectual.
- f) A subministración de servizos paneuropeos.

#### Artigo 11. *Obrigas sobre control de prezos e contabilidade de custos.*

1. Nos casos en que a análise do mercado poña de manifesto unha ausencia de competencia efectiva, que lles permita aos operadores que fosen declarados con poder significativo nun mercado por xunto manter prezos excesivos ou a compresión dos prezos en prexuízo dos usuarios finais, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións poderá impor medidas de control de prezos,

incluíndo a obriga aos ditos operadores a orientar os prezos en función dos custos de produción dos servizos.

A Comisión do Mercado das Telecomunicacións velará por que os métodos de control de prezos que impoña sirvan para fomentar a eficiencia e a competencia sustentable e potente ao máximo os beneficios para os consumidores.

2. Cando a obriga de control de prezos imposta non consista na orientación dos prezos en función dos custos, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións poderá ter en conta, entre outros aspectos, os prezos existentes en mercados competitivos comparables.

3. Cando a un operador se lle impuxese a obriga de que o seus prezos se atean ao principio de orientación en función dos custos, a carga da proba de que os prezos se determinan en función dos custos, incluíndo unha taxa razoable de rendemento do investimento, corresponderálle ao operador.

Nestes casos, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións determinará o sistema de contabilidade de custos que se deberá aplicar, e poderá precisar o formato e o método contable que se deberá utilizar.

4. A Comisión do Mercado das Telecomunicacións, para os efectos do cálculo do custo da subministración eficiente de servizos, poderá utilizar sistemas ou métodos de contabilización distintos dos utilizados polo operador, que terán en conta unha taxa razoable de rendemento dos investimentos efectuados en función do risco asumido por aquel. Ademais, poderá requirir en calquera momento o operador para que xustifique, sobre a base dos ditos sistemas, os prezos que aplica ou pretenda aplicar e, cando proceda, exixirle a súa modificación.

5. Cando a Comisión do Mercado das Telecomunicacións determine a aplicación dun determinado sistema de contabilidade de custos, o operador deberalle encargar a unha entidade cualificada e independente, con periodicidade anual, unha auditoría que comprobe a aplicación do dito sistema e presentala á Comisión do Mercado das Telecomunicacións antes do 31 de xullo de cada ano, salvo que o dito organismo decida levala a cabo por si mesma.

6. A Comisión do Mercado das Telecomunicacións garantirá que os operadores aos que se lles impuxese a obriga de que os seus prezos se atean ao principio de orientación en función dos custos poñan á disposición do público a descrición do sistema de contabilidade de custos empregado. Para tal efecto, determinará a forma, as fontes ou os medios en que se porá á disposición do público a seguinte información relativa ao dito sistema e a súa aplicación:

a) Descrición do sistema, na cal, como mínimo, se inclúen as principais categorías en que se agrupan os custos e os criterios utilizados para a súa distribución.

b) Informe relativo á aplicación do dito sistema tras cada auditoría anual.

#### Artigo 12. *Outras obrigas.*

En circunstancias excepcionais e debidamente xustificadas, cando a imposición dunha ou varias das obrigas a que se refiren os artigos 7, 8, 9, 10 e 11 sexa insuficiente ou inadecuada para alcanzar os obxectivos do artigo 3 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións poderalles impor aos operadores declarados con poder significativo en mercados por xunto outras obrigas en materia de acceso ou interconexión, que serán conformes co establecido no artigo 4.2.

Nestes casos, será preceptiva a obtención previa dunha autorización da Comisión Europea á proposta de medida, para o que se lle remitirá esta, xunto co resto da

documentación pertinente, e realizarase a notificación no marco do procedemento administrativo en curso.

## CAPÍTULO IV

### Obrigas aplicables aos operadores con poder significativo en mercados a retallo

#### SECCIÓN 1.<sup>a</sup> OBRIGAS EN MATERIA DE SELECCIÓN DE OPERADOR.

#### Artigo 13. *Obrigas aplicables.*

1. Os operadores que, de conformidade co artigo 3.2, fosen declarados con poder significativo na subministración de conexión á rede telefónica pública e utilización desta desde unha localización fixa ofreceranlles aos seus abonados de acceso directo a posibilidade de selección de operador para a realización das súas chamadas mediante os procedementos de selección de operador chamada a chamada e por preselección.

2. Non obstante o disposto no punto anterior, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións poderá impor obrigas de selección de operador por procedementos distintos dos referidos, cando o resultado da análise prevista nos artigos 2 e 3 constatare que no mercado de referencia retallista correspondente non existe competencia efectiva.

3. A imposición de obrigas en materia de selección de operador a operadores que exploten redes diferentes da indicada no punto 1 farase mediante real decreto, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, e logo de informe favorable da Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

4. Para os efectos previstos nos puntos 2 e 3, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións emitirá un informe coa análise do mercado a que se refire o artigo 10.2.

#### Artigo 14. *Principios xerais aplicables á selección de operador.*

1. A selección de operador permítelle ao abonado ao servizo telefónico dispoñible ao público elixir operador para cursar todas ou parte das súas chamadas ou acceder aos servizos de calquera operador cuxa rede estea interconectada coa que lle prové o acceso á rede telefónica pública.

2. Terán dereito a ser seleccionados os operadores do servizo telefónico dispoñible ao público que teñan interconectada a súa rede coas redes dos operadores a que se refire o artigo 13.

3. A realización de chamadas mediante os procedementos de selección de operador previstos no artigo 13.1 requirirá da celebración previa dun contrato subscrito entre os abonados ao servizo telefónico dispoñible ao público e os operadores beneficiarios da selección.

4. Os operadores seleccionados serán os responsables da facturación das chamadas cursadas a través das redes que xestionen.

5. As chamadas que se realicen mediante os procedementos de selección de operador previstos no artigo 13.1 cursaranse a través dos puntos de interconexión coas redes que provexan esta facilidade que elixan os operadores seleccionados.

6. Os tipos de chamadas que se relacionan a continuación poderanse cursar mediante selección de operador, nos termos dos artigos 15 e 16, segundo corresponda, desde as redes dos operadores a que se refire o artigo 13.1:

a) Metropolitanas: entenderase por chamadas metropolitanas as que se inicien e rematen nun mesmo distrito telefónico, dos referidos no punto 6 do Plan nacional de numeración telefónica.

b) Longa distancia: entenderase por chamadas de longa distancia as provinciais, as interprovinciais e as internacionais.

As chamadas provinciais son as que se inician e rematan en distritos telefónicos diferentes dunha mesma zona provincial, das referidas no punto 6 do Plan nacional de numeración telefónica.

As chamadas interprovinciais son as que se inician e rematan en distritos telefónicos pertencentes a zonas telefónicas provinciais diferentes.

As chamadas internacionais son as que se inician en España e rematan noutros países ou territorios e cuxo establecemento require da marcación do prefixo internacional segundo o previsto no plan de marcación descrito no punto 5 do Plan nacional de numeración telefónica.

c) Aos rangos de numeración atribuídos a servizos de comunicacións móbiles e servizos de radiobusca.

d) Aos rangos de numeración atribuídos aos servizos de tarifas especiais e de numeración persoal.

7. A Comisión do Mercado das Telecomunicacións poderá modificar o ámbito das chamadas que se poderán cursar mediante selección de operador.

8. Os custos ocasionados polas adaptacións técnicas necesarias para a implantación nas redes dos procedementos de selección de operador serán asumidos polos operadores titulares das ditas redes.

9. Os prezos de interconexión relacionados coa selección de operador estableceranse en función dos custos.

#### Artigo 15. *Selección de operador chamada a chamada.*

1. A selección de operador chamada a chamada permítelle ao abonado ao servizo telefónico dispoñible ao público elixir, mediante a marcación a unha etapa dun código de selección de operador seguido da secuencia de numeración que corresponda, ao operador que cursará cada chamada.

A selección de operador mediante este procedemento efectuarase de acordo co previsto no plan de marcación descrito no punto 5 do Plan nacional de numeración telefónica.

2. A Comisión do Mercado das Telecomunicacións poderá asignar, nos termos que se establecen no artigo 41 deste regulamento, códigos de selección de operador de lonxitudes distintas a operadores diferentes, tendo en conta os compromisos adquiridos por estes, para favorecer a consecución dos obxectivos do artigo 3 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.

#### Artigo 16. *Preselección de operador.*

1. A preselección de operador permítelle ao abonado ao servizo telefónico dispoñible ao público elixir un operador diferente ao que lle prové o acceso á rede telefónica pública, para que curse parte ou todas as súas chamadas, sen necesidade de marcar previamente o código de selección de operador que o identifica.

2. Cando se preste a facilidade de preselección ofrecerase, ademais, a posibilidade de anular a dita preselección mediante a selección de operador chamada a chamada. Neste caso, o operador seleccionado mediante a marcación do código correspondente será o encargado de cursar a chamada.

3. No caso de que non se marque ningún código de selección, a chamada cursará o operador que determinase o abonado, mediante o mecanismo de preselección ou, na falta de determinación, o que designe o operador que provexa a rede de acceso a cada abonado.

4. Os operadores a que se refire o artigo 13.1 deberán implantar nas súas redes mecanismos que lles permi-

tan aos seus abonados en acceso directo as seguintes modalidades de preselección de operador:

a) Chamadas de longa distancia e a servizos de comunicacións móbiles.

b) Chamadas metropolitanas, de longa distancia e a servizos de comunicacións móbiles.

c) Chamadas metropolitanas, de longa distancia, a servizos de comunicacións móbiles e servizos de radiobusca, e aos rangos de numeración atribuídos aos servizos de tarifas especiais e de numeración persoal.

A Comisión do Mercado das Telecomunicacións poderá definir novas modalidades de preselección, así como modificar e suprimir as existentes.

5. A Comisión do Mercado das Telecomunicacións fixará os aspectos concretos que sexan precisos para a correcta implantación das modalidades de preselección.

6. A provisión da preselección será coordinada polo operador beneficiario. Logo da solicitude escrita do abonado ao dito operador, este informará dela o operador de acceso, quen, se é o caso, tamén informará o operador preseleccionado con anterioridade.

O cambio realizarase nun prazo inferior a cinco días, contados desde a recepción da comunicación polo operador de acceso, ou nun prazo superior se así se acorda co abonado.

7. A provisión da inhabilitación da preselección será coordinada polo operador de acceso. Logo de solicitude escrita do abonado ao dito operador, este informará dela o operador preseleccionado con anterioridade.

A inhabilitación realizarase nun prazo inferior a cinco días, contados desde a recepción da comunicación polo operador de acceso, ou nun prazo superior se así se acorda co abonado.

8. Non obstante o establecido nos dous puntos anteriores, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, logo de informe da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, poderá regular por orde procedementos de provisión da preselección, ou de inhabilitación desta, que non requiran de solicitude escrita, aínda que si explícita, do abonado.

9. A Comisión do Mercado das Telecomunicacións, en función da dispoñibilidade tecnolóxica, logo de informe vinculante do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, poderalles exixir, aos operadores que teñan impostas obrigas de selección de operador, o establecemento de mecanismos que permitan preseleccionar diferentes operadores en función do tipo de chamada.

10. A provisión da preselección daralle dereito ao operador da rede de acceso á percepción dunha contraprestación económica fixa por unha soa vez, cuxo importe equivalerá ao custo directo que para este represente o cambio. Esta cantidade será satisfeita polo operador preseleccionado. En caso de falta de acordo respecto do importe da dita cantidade, resolverá a Comisión do Mercado das Telecomunicacións por instancia de calquera dos operadores e no prazo establecido na normativa vixente.

11. A obriga de confidencialidade prevista no artigo 22.5 é aplicable aos operadores respecto de calquera información obtida no marco dos procedementos de preselección.

#### SECCIÓN 2.<sup>a</sup> OBRIGAS NA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE LIÑAS SUSCEPTIBLES DE ARRENDAMENTO

#### Artigo 17. *Subministración do conxunto mínimo de liñas susceptibles de arrendamento.*

1. Os operadores que, de conformidade co artigo 3.2, fosen declarados na totalidade ou en parte do seu territorio con poder significativo na subministración parcial ou total do conxunto mínimo de liñas susceptibles de arren-



damento publicado no «Diario Oficial de la Unión Europea» conforme o artigo 17 da Directiva 2002/21/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de marzo de 2002, relativa a un marco regulador común das redes e dos servizos de comunicacións electrónicas, estarán suxeitos na subministración dos ditos servizos aos principios de:

a) Transparencia, para cuxos efectos os operadores farán pública, polo menos na súa páxina web, a seguinte información:

1.<sup>a</sup> Características técnicas, incluídas as características físicas e eléctricas, así como as especificacións técnicas e unha descrición detallada do funcionamento, correspondentes ao punto de terminación de rede.

2.<sup>a</sup> As tarifas, incluídas as cotas de conexión inicial, as cotas por aluguer periódico e outras, se é o caso.

3.<sup>a</sup> As condicións de provisión con, polo menos, os seguintes elementos:

Procedemento de solicitude.

Prazo normal de entrega, que é o prazo, contado a partir da data en que o usuario solicitou en firme a liña arrendada, en que o 95 por cento de todas as liñas arrendadas do mesmo tipo fosen conectadas para os clientes. Este prazo establecerase tendo como base os prazos de entrega reais de liñas arrendadas durante os últimos tres meses. No cálculo non se terán en conta os casos en que os clientes solicitasen prazos máis extensos.

O período de contratación, que incluírá o período establecido en xeral para o contrato e o período de contratación mínimo que o usuario estará obrigado a aceptar.

O prazo de reparación de avarías, que é o prazo, contado a partir da data en que se informou da avaría á unidade responsable do operador, até o momento en que se restablecese o 80 por cento de todas as liñas arrendadas do mesmo tipo e, se é o caso, se notificase o funcionamento aos usuarios. Poderanse establecer diferentes prazos de reparación de avarías.

Procedementos de reembolso.

b) Non-discriminación, que garantirá que os operadores apliquen condicións equivalentes en circunstancias semellantes ás empresas que presten servizos equivalentes e proporcionen o servizo de liñas susceptibles de arrendamento a outras empresas e usuarios nas mesmas condicións e da mesma calidade que a que prestan aos seus propios servizos ou nas das súas entidades subsidiarias ou asociadas, se é o caso.

c) Cando proceda, orientación dos prezos en función dos custos, que se basearán nun sistema de contabilidade de custos cuxos conceptos fundamentais serán establecidos pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións. Esta poderalles requirir aos operadores, de conformidade co establecido no artigo 9 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, información sobre os sistemas de contabilidade de custos que aplican, cun nivel de detalle suficiente, e presentará a dita información á Comisión Europea cando esta o solicite, e faraa pública na medida en que con iso se contribúa á consecución dun mercado aberto e competitivo, conforme o establecido na normativa nacional e comunitaria en materia de segredo comercial e industrial.

2. Cando o operador considere non razoable a subministración dunha liña arrendada específica dentro do conxunto mínimo coas súas tarifas e condicións da subministración feitas públicas, deberalle solicitar autorización á Comisión do Mercado das Telecomunicacións para variar as condicións xerais da subministración a que se refire o punto 1.a).

3. Excepcionalmente, cando o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio considere que as condicións da

subministración do conxunto mínimo de liñas susceptibles de arrendamento non responde adecuadamente ás necesidades dos usuarios, poderá establecer por orde, logo de informe da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, obxectivos mínimos apropiados no relativo ás condicións de provisión a que se refire o punto 1.a).3.<sup>a</sup>

### SECCIÓN 3.<sup>a</sup> OUTRAS OBRIGAS APLICABLES AOS OPERADORES CON PODER SIGNIFICATIVO EN MERCADOS A RETALLO

#### Artigo 18. *Imposición de obrigas.*

Cando a Comisión do Mercado das Telecomunicacións considere que as obrigas impostas nos mercados por xunto e as relativas á selección de operador, aos operadores que de conformidade co artigo 3.2 fosen declarados con poder significativo nos correspondentes mercados, non permiten alcanzar os obxectivos do artigo 3 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, impoñen obrigas apropiadas na provisión de servizos a retallo, que deberán basearse na natureza do problema identificado, ser proporcionadas e xustificadas sobre os obxectivos citados.

En particular, poderán imporse obrigas das contidas nesta sección, coa finalidade de que os ditos operadores:

- a) Non apliquen prezos excesivos.
- b) Non impidan a entrada doutros operadores no mercado.
- c) Non falseen a competencia mediante o establecemento de prezos abusivos.
- d) Non favorezan de maneira excesiva usuarios finais específicos.
- e) Non agrupen os seus servizos de maneira inxustificada.

A Comisión do Mercado das Telecomunicacións facilitaralle á Comisión Europea, cando esta así o requira, información sobre os controis aplicados e, se procede, sobre os sistemas de contabilidade de custos utilizados polas empresas en cuestión.

#### Artigo 19. *Obrigas sobre control de prezos.*

1. Nos casos e para os operadores referidos no artigo 18, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións, para protexer os intereses dos usuarios finais fomentando ao mesmo tempo os beneficios para os consumidores, a eficiencia e unha competencia real e sustentable, poderá establecer obrigas sobre control de prezos, tales como o establecemento de límites máximos de prezos dos servizos que os ditos operadores prestan ao público, media xeográfica de prezos, control de tarifas individuais ou medidas de orientación das tarifas a custos ou a prezos de mercados comparables.

2. A imposición destas obrigas estará suxeita ao disposto no artigo 4.2, utilizando métodos que minimicen a intervención regulatoria.

3. As obrigas sobre prezos impostas nos mercados a retallo suprimiranse a respecto de determinados mercados xeográficos ou de usuarios claramente identificables dentro do mercado principal, cando a análise destes mercados poña de manifesto a existencia de competencia efectiva.

#### Artigo 20. *Contabilidade de custos.*

Cando a Comisión do Mercado das Telecomunicacións lle impoña a obriga a un operador de someter a control as súas tarifas a retallo ou outras obrigas apropiadas na provisión de servizos a retallo exixirá a aplicación dos correspondentes sistemas de contabilidade de custos que sexan necesarios e apropiados, e poderá precisar o formato e o método contable que se deberá utilizar.

O operador obrigado deberalle encargar a unha entidade cualificada e independente, cunha periodicidade anual, que comprobe a aplicación dos mencionados sistemas de contabilidade de custos, e terá a obriga de que se publique antes do 31 de xullo de cada ano o informe correspondente que conteña unha declaración de conformidade.

**Artigo 21.** *Información á Comisión Europea e ás autoridades nacionais.*

A Comisión do Mercado das Telecomunicacións comunicarlle ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e ao Ministerio de Economía e Facenda, polo menos con 10 días de antelación á súa aplicación efectiva, as medidas que pretenda adoptar en relación co control dos prezos a retalho, incluídas nesta sección.

Así mesmo, facilitaralle á Comisión Europea, despois de lle ser solicitada, información sobre os controis aplicados e, se procede, sobre os sistemas de contabilidade de custos utilizados polos operadores obrigados.

### TÍTULO III

#### **Acceso ás redes e recursos asociados e interconexión**

**Artigo 22.** *Principios xerais.*

1. As disposicións deste título, relativas á interconexión e aos accesos ás redes públicas de comunicacións electrónicas e aos seus recursos asociados, entenderanse aplicables a todos os operadores de redes e de servizos de comunicacións electrónicas, salvo que o beneficiario do acceso sexa un usuario final, e sen prexuízo das condicións que, de conformidade co establecido no título II, se poidan establecer sobre os operadores declarados con poder significativo de mercado.

Así mesmo, as obrigas deste título poderanse facer extensivas a outras redes na medida en que estas se beneficien de acceso a redes públicas de comunicacións electrónicas.

2. Os operadores de redes públicas de comunicacións electrónicas terán o dereito e, cando o soliciten outros operadores de redes públicas de comunicacións electrónicas, a obriga de negociar a interconexión mutua, para prestaren servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público, co obxecto de garantir así a prestación de servizos e a súa interoperabilidade.

Os acordos de interconexión formalizaranse no prazo máximo de catro meses, contados desde a data de solicitude de iniciación da negociación. Sen prexuízo diso, as partes poderán convir ou ampliar o dito prazo.

3. Non existirán restricións que impidan que os operadores negocien entre si acordos de acceso ou interconexión. A persoa física ou xurídica habilitada para explotar redes ou prestar servizos noutro Estado membro da Unión Europea que solicite acceso ou interconexión en España non necesitará levar a cabo a notificación a que se refire o artigo 6 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, cando non explote redes nin preste servizos de comunicacións electrónicas no territorio nacional.

4. As obrigas e condicións que se impoñan de conformidade con este título serán obxectivas, transparentes, proporcionadas e non discriminatorias.

5. Os operadores que obteñan información doutros operadores con anterioridade, durante ou con posterioridade ao proceso de negociación dos acordos de acceso ou interconexión, destinarán a dita información exclusivamente aos fins para os que lles foi facilitada e respectarán en todo momento a confidencialidade da información

transmitida ou almacenada, en especial respecto de terceiros, incluídos outros departamentos da propia empresa, filiais ou asociados.

6. As redes públicas de comunicacións electrónicas utilizadas para a distribución de servizos de televisión dixital deberán dispor de capacidade para distribuír programas e servizos de televisión de formato largo. Os operadores das ditas redes que reciban programas ou servizos de televisión de formato largo para a súa posterior distribución estarán obrigados a manter o dito formato.

**Artigo 23.** *Competencias en materia de acceso e interconexión e condicións aplicables.*

1. O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e a Comisión do Mercado das Telecomunicacións, no ámbito das súas respectivas competencias, fomentarán e, se é o caso, garantirán a adecuación do acceso e interconexión e a interoperabilidade dos servizos, para a consecución dos obxectivos establecidos no artigo 3 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, de acordo co previsto nos puntos seguintes.

2. En particular, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio poderá fixar obrigas de acceso e interconexión aos operadores nos seguintes supostos:

- a) Nos procedementos de licitación para a obtención de dereitos de uso do dominio público radioeléctrico.
- b) Cando se faga necesario para garantir o cumprimento da normativa sobre datos persoais e protección da intimidade no sector das comunicacións electrónicas.
- c) Con excepción dos casos considerados no punto 3.d), cando resulte preciso para garantir o cumprimento de compromisos internacionais en materia de telecomunicacións.

3. Pola súa parte, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións terá atribuídas as competencias seguintes:

- a) Poderá intervir nas relacións entre operadores, por petición de calquera das partes implicadas, ou de oficio cando estea xustificado.
- b) Coñecerá dos conflitos en materia de obrigas de interconexión e acceso derivadas da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, deste regulamento e doutras normas de desenvolvemento da citada lei; para tal efecto, ditará unha resolución vinculante sobre os extremos obxecto do conflito e as medidas provisionais que correspondan.

En caso de se producir un conflito transfronteirizo no cal unha das partes estea radicada noutro Estado membro da Unión Europea, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións, en caso de que calquera das partes así o solicite, coordinará os seus esforzos para atopar unha solución ao conflito coa outra ou as outras autoridades nacionais de regulamentación afectadas.

c) Sen prexuízo do establecido no artigo 31, poderá impor obrigas sobre acceso ou interconexión aos operadores que controlen o acceso aos usuarios finais na medida en que resulte necesario para garantir a posibilidade de conexión extremo a extremo.

As citadas obrigas poden incluír, en casos xustificadas, a interconexión das redes dos operadores cando estes non a efectúasen.

d) Poderá establecer obrigas sobre acceso ou interconexión aos operadores ou provedores na medida en que, de acordo coa normativa comunitaria, sexa necesario para garantir o acceso dos usuarios finais a determinados servizos, ou para cumprir con compromisos internacionais adquiridos a escala comunitaria.

En particular, establecerá obrigas en materia de acceso e interconexión en relación cos sistemas de acceso condicional empregados nos servizos dixitais de radiodi-

fusión e televisión, de conformidade co establecido no artigo 24.

e) Na medida en que resulte necesario para asegurar a accesibilidade dos usuarios finais aos servizos de radiodifusión e televisión dixital que determine o Goberno, poderá establecer obrigas aos operadores ou provedores correspondentes para que proporcionen acceso a interfaces de programación de aplicacións (API) e guías electrónicas de programación (EPG) empregadas nos ditos servizos.

f) Poderá impor condicións para o acceso e interconexión de redes públicas de comunicacións electrónicas cando, de conformidade co establecido no artigo 30.3 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, dite unha resolución en ausencia de acordo entre os operadores en relación coas condicións de localización compartida e uso compartido da propiedade pública ou privada.

#### Artigo 24. *Condicións relativas aos sistemas de acceso condicional.*

1. En relación cos sistemas e servizos de acceso condicional empregados no acceso a servizos de radiodifusión e televisión dixitais, con independencia de cal sexa o medio de transmisión utilizado, deberanse cumprir as seguintes condicións:

a) Todo sistema de acceso condicional que se empregue deberá contar coa capacidade técnica necesaria para efectuar, con boa relación custo-eficacia, un transcontrol que lles permita aos operadores da rede a posibilidade de control completo dos servizos de difusión que empreguen o sistema de acceso condicional na totalidade da súa rede, así como en ámbitos inferiores ao de cobertura desta, en particular e cando sexa pertinente, no ámbito local ou rexional.

b) Os operadores e provedores dos servizos de acceso condicional deberanlles ofrecer aos provedores de servizos de televisión e radiodifusión dixitais, en condicións equitativas, razoables e non discriminatorias, medios técnicos que lles permitan a estes últimos habilitar a recepción dos seus servizos por usuarios dos descodificadores xestionados por aqueles.

c) Os provedores de servizos de acceso condicional deberán levar unha contabilidade financeira separada no que se refire á súa actividade da subministración dos ditos servizos.

d) Os titulares dos dereitos de propiedade industrial relativos aos sistemas e produtos de acceso condicional concederánlles as licenzas aos fabricantes de equipos de consumo tendo en conta os condicionantes técnicos e de mercado, en condicións equitativas, razoables e non discriminatorias, sen subordinarse a condicións que prohiban, disuadan ou desalentan a inclusión no mesmo produto de:

1.º Unha interface común que permita a conexión con outros sistemas de acceso condicional, ou ben

2.º Medios específicos doutro sistema de acceso condicional, sempre que o beneficiario da licenza respecte condicións razoables e apropiadas que garantan, polo que a el se refire, a seguridade das transaccións dos operadores de sistemas de acceso condicional.

2. A Comisión do Mercado das Telecomunicacións poderá revisar periodicamente a conveniencia de manter a imposición das condicións relacionadas no punto anterior ou decidir a súa supresión ou modificación, para o que deberá efectuar unha análise de mercado, de conformidade co establecido no artigo 3.

Se, como consecuencia da citada análise, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións determina que o mercado de servizos de acceso condicional se desenvolve

nun contorno de competencia efectiva, poderá decidir a modificación ou supresión das obrigas anteriores, e informará diso a todas as partes interesadas cunha antelación mínima de dous meses á súa efectividade, sempre que a dita modificación ou supresión non incida negativamente nas perspectivas de competencia efectiva nos mercados a retallo de servizos de televisión e radiodifusión dixital ou nos de sistemas de acceso condicional e outros recursos asociados.

En calquera caso, non poderá determinar a modificación ou supresión destas condicións cando iso puidese incidir negativamente no acceso dos usuarios finais aos servizos de radiodifusión ou televisión, ou aos canais ou servizos de programas de radio ou televisión para os cales, de conformidade co punto 4 da disposición adicional sétima da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, se establecesen obrigas de transmisión.

#### Artigo 25. *Procedementos de consulta e de notificación.*

1. O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e a Comisión do Mercado das Telecomunicacións, nos termos previstos no artigo 86 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, someterá a un procedemento de información pública os proxectos de medidas que pretendan adoptar no ámbito das súas competencias definidas nos artigos 23 e 24, con excepción dos proxectos de medidas relativos á intervención nas relacións entre operadores e á resolución de conflitos que pretenda adoptar ao amparo do artigo 23.3.a) e b), que se someterán ao trámite de audiencia previsto no artigo 84 da citada Lei 30/1992, do 26 de novembro.

2. As consultas en curso en relación coa posible adopción das medidas que incidan significativamente no mercado faranse públicas, e poranse á disposición do público os seus resultados, salvo a información que poida considerarse confidencial en aplicación da normativa nacional e comunitaria en materia de segredo comercial ou industrial.

Desde a páxina web da Comisión do Mercado das Telecomunicacións accederase a todas as consultas en curso, e constituirase como un punto único de información.

3. A Comisión do Mercado das Telecomunicacións notificaralles ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, á Comisión Europea e ás autoridades nacionais de regulamentación dos outros Estados membros da Unión Europea os proxectos de medidas que pretenda adoptar no ámbito das súas competencias definidas nos puntos 1, 3.c), 3.d) e 3.e) do artigo 23 e no artigo 24, xunto ás súas motivacións, e que poidan ter repercusións nos intercambios entre Estados membros.

Así mesmo, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio notificaralles á Comisión do Mercado das Telecomunicacións, á Comisión Europea e ás autoridades nacionais de regulamentación dos outros Estados membros da Unión Europea os proxectos de medidas que pretenda adoptar no ámbito das súas competencias definidas no artigo 23, xunto ás súas motivacións, e que poidan ter repercusións nos intercambios entre Estados membros.

As notificacións anteriores realizaranse no marco do procedemento administrativo en curso correspondente, e motivarán e garantirán a confidencialidade da información que afecte segredos comerciais ou industriais.

4. As notificacións consideradas no punto anterior levaranse a cabo para que os organismos citados nel poidan, no prazo máximo dun mes, presentar as súas observacións aos proxectos de medidas.

A Comisión do Mercado das Telecomunicacións e o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio terán en

conta, na maior medida posible, as observacións das autoridades nacionais de regulamentación dos outros Estados membros da Unión Europea e da Comisión Europea, e poderán adoptar o proxecto de medidas resultante; neste caso, comunicaranllo á Comisión Europea.

5. Excepcionalmente, cando existan razóns de urxencia para preservar a competencia e protexer os intereses dos usuarios que non fagan posible actuar de acordo cos procedementos de información pública e de notificación establecidos nos puntos anteriores, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións poderá adoptar inmediatamente medidas cautelares proporcionadas, que lles deberá comunicar canto antes, xunto á súa motivación, á Comisión Europea, ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e ás outras autoridades nacionais de regulamentación dos demais Estados membros da Unión Europea.

A decisión correspondente de facer permanentes as ditas medidas, ou de prolongar o seu período de aplicación, estará suxeita ás disposicións dos puntos anteriores.

## TÍTULO IV

### Numeración, enderezamento e denominación

#### CAPÍTULO I

##### Principios xerais

#### Artigo 26. *Competencias do Goberno.*

Correspóndelle ao Goberno a aprobación dos plans nacionais de numeración, enderezamento e denominación, de acordo co establecido no artigo 16 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.

Así mesmo, o Goberno, mediante real decreto, determinará os organismos encargados da xestión e o control dos plans nacionais de enderezamento e denominación, distintos dos regulados neste regulamento.

#### Artigo 27. *Competencias do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.*

1. Correspóndelle ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio a elaboración e a proposta, para a súa aprobación polo Goberno, dos plans nacionais de numeración, enderezamento e denominación, así como a aprobación dos procedementos de xestión e control correspondentes, incluíndo os prazos e as condicións asociadas ao uso dos ditos recursos públicos.

Os procedementos de asignación directa aos usuarios finais de recursos públicos de numeración, enderezamento e denominación poderán ser regulados, así mesmo, polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio para os supostos previstos, se é o caso, polos plans nacionais ou as súas disposicións de desenvolvemento.

2. O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, de oficio ou por instancias do organismo encargado da xestión e o control do plan nacional correspondente, e mediante orde, poderá modificar a estrutura e a organización dos plans nacionais para cumprir coas obrigas e recomendacións internacionais ou para garantir a dispoñibilidade suficiente de números, enderezos e nomes ou mellorar a eficiencia na súa utilización.

3. En ausencia de tales plans nacionais, ou de plans específicos para determinados servizos, ou dos procedementos correspondentes de xestión e control, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio poderá ditar instrucións sobre a utilización dos recursos numéricos e alfanuméricos necesarios para a prestación dos servizos

de comunicacións electrónicas, sen prexuízo do establecido no parágrafo segundo do artigo 28.2.

4. Cando proceda, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio proporalle ao Goberno a autoridade competente para a xestión e o control dos plans nacionais de enderezamento e denominación e regulará os procedementos necesarios para a dita xestión e control.

5. O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio poderá regular a utilización en España dos recursos públicos de numeración, enderezamento e denominación cuxa xestión dependa de organismos internacionais. Así mesmo, poderá designar a autoridade competente, en cada caso, para a xestión e o control dos ditos recursos. O emprego que se faga destes estará en consonancia coas normas internacionais pertinentes.

6. O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio informará a Unión Internacional de Telecomunicacións sobre aqueles aspectos relativos aos plans nacionais de numeración, enderezamento e denominación que poidan afectar as redes e servizos de comunicacións electrónicas internacionais que entren no ámbito das competencias do dito organismo. Será responsabilidade dos operadores informar os seus correspondentes estranxeiros sobre as asignacións concretas que os afecten.

7. A Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información ditará as resolucións necesarias para o desenvolvemento dos plans nacionais de numeración, enderezamento e denominación. En particular, ditará as resolucións sobre atribución e adjudicación dos ditos recursos públicos.

8. A Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información é o órgano competente nos ámbitos de numeración, enderezamento e denominación que correspondan ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, salvo naquelas cuestións que requiran dunha disposición de carácter xeral.

#### Artigo 28. *Competencias da Comisión do Mercado das Telecomunicacións.*

1. Correspóndelle á Comisión do Mercado das Telecomunicacións a xestión e o control dos plans nacionais de numeración e de códigos de puntos de sinalización.

2. En ausencia dos plans nacionais a que se refire o punto 1 ou dos procedementos de xestión e control correspondentes, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións xestionará e controlará os recursos públicos de acordo cos criterios que o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio estableza en aplicación do disposto no artigo 27.3.

Non obstante, cando estea xustificado por motivos de urxencia, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións poderá empregar os criterios de xestión e control que ela mesma estableza logo de informe vinculante do citado ministerio, os cales poderán ser revisados posteriormente por este e estarán en consonancia co estipulado no capítulo III deste título.

#### Artigo 29. *Titularidade dos recursos públicos de numeración, enderezamento e denominación.*

1. Os recursos de numeración, enderezamento e denominación necesarios para a prestación dos servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público teñen carácter público.

2. A asignación de recursos públicos de numeración, enderezamento ou denominación non suporá o outorgamento de máis dereitos que o do seu uso conforme o establecido neste regulamento.

3. A utilización de recursos públicos de numeración, enderezamento ou denominación non implica o outorgamento de dereito ningún de propiedade industrial ou intelectual.

4. Os dereitos de numeración, enderezamento e denominación non terán a consideración de dereitos ou intereses patrimoniais lexítimos para efectos do previsto no artigo 1 da Lei do 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa, e a súa modificación non dará dereito a indemnización ningunha para os afectados.

#### Artigo 30. *Obrigas das partes.*

1. Os operadores de redes e de servizos de comunicacións electrónicas estarán obrigados a pór en práctica as medidas necesarias para lles dar cumprimento ás decisións que adopten o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e a Comisión do Mercado das Telecomunicacións, no ámbito das súas respectivas competencias sobre numeración, enderezamento e denominación. En particular, os operadores estarán obrigados a realizar, nos sistemas que exploten, as modificacións necesarias para tratar e encamiñar as comunicacións de forma eficiente cando o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio adopte decisións que impliquen alteracións nos plans de numeración, enderezamento ou denominación, e cando se realicen asignacións, atribucións ou adxudicacións dos ditos recursos públicos. O custo que iso supoña será sufragado por cada operador.

2. Sen prexuízo da obriga dos operadores de faceren públicas as especificacións técnicas das interfaces de acceso, imposta polo regulamento que establece o procedemento para a avaliación da conformidade dos aparellos de telecomunicacións, aprobado polo Real decreto 1890/2000, do 20 de novembro, os operadores estarán igualmente obrigados a lles facilitar gratuitamente aos usuarios, fabricantes e comercializadores de equipamentos terminais a información adecuada para levar a cabo as adaptacións en tales equipos, cando estas sexan necesarias con motivo de cambios nos plans nacionais de numeración ou enderezamento.

3. As modificacións que deban efectuarse nos equipamentos terminais para adaptalos ao disposto nos plans nacionais de numeración, enderezamento ou denominación serán por conta dos seus propietarios, os cales, sempre que non se trate de usuarios finais, deberán acometelas no prazo que estableza o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

4. Os operadores de redes e de servizos de comunicacións electrónicas están obrigados a facilitar canta información lles sexa solicitada polos órganos competentes na planificación e na xestión dos recursos públicos de numeración, enderezamento ou denominación, para que estes poidan desempeñar adecuadamente o seu labor. En todo caso, as solicitudes de información axustaranse ao disposto no artigo 9 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, información que deberá facerse pública na medida en que contribúa á consecución dun mercado aberto e competitivo, conforme o establecido na normativa nacional e comunitaria en materia de segredo comercial e industrial.

#### Artigo 31. *Tratamento de chamadas telefónicas.*

1. As chamadas que se efectúen aos rangos de numeración telefónica nacional serán cursadas polos operadores nos termos que se especifiquen no Plan nacional de numeración telefónica ou nas súas disposicións de desenvolvemento, respectando, en particular, a posible indicación sobre prezos e contidos que, de acordo cos citados termos e disposicións, estea incluída nos números ou, se é o caso, nos nomes correspondentes.

2. Cando a Unión Internacional de Telecomunicacións adxudique indicativos de país que interveñan nas comunicacións telefónicas, estes serán habilitados en todas as redes telefónicas públicas que cursen tráfico

internacional, salvo que o desaconsellen razóns de interese nacional.

En particular, os operadores deberán cursar as chamadas que se efectúen ao Espazo Europeo de Numeración Telefónica, sen prexuízo do seu dereito a recuperar os custos soportados polo uso das redes.

O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio poderá establecer os termos en que se deberá dar cumprimento ao estipulado neste punto.

3. Os operadores aos cales se lles asignase unha serie de números non poderán discriminar outros operadores no que se refire ás secuencias de números utilizadas para dar acceso aos servizos destes, en particular, mediante os procedementos de marcación ou por razón dos bloques de numeración utilizados para o acceso aos servizos destes operadores.

## CAPÍTULO II

### Plans nacionais

#### Artigo 32. *Aprobación e desenvolvemento dos plans nacionais.*

1. Os plans nacionais de numeración, enderezamento e denominación serán aprobados polo Goberno nos termos previstos nos artigos 26 e 27.

2. Os plans nacionais de numeración, enderezamento e denominación poderanse desenvolver paulatinamente en función das necesidades que vaian xurdindo na prestación dos servizos de comunicacións electrónicas.

3. Tanto a aprobación como a modificación e o desenvolvemento dos plans nacionais de numeración, enderezamento e denominación publicaranse no «Boletín Oficial del Estado», salvo no relativo a materias que poidan afectar a seguridade nacional, cunha antelación suficiente á súa data de entrada en vigor, tendo en conta a magnitude dos cambios introducidos.

4. Os plans nacionais e as súas disposicións de desenvolvemento poderán establecer procedementos de selección competitiva ou comparativa para a asignación de números e nomes con valor económico excepcional.

#### Artigo 33. *Criterios aplicables no desenvolvemento das funcións de planificación.*

1. Os plans nacionais de numeración, enderezamento e denominación deberán proporcionar os recursos que sexan necesarios para permitir a efectiva prestación dos servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público.

2. Ademais do criterio establecido no punto 1, na elaboración, modificación e desenvolvemento dos plans nacionais de numeración, enderezamento e denominación poderanse ter en conta os seguintes aspectos:

- a) A idoneidade dos recursos para o fin previsto.
- b) Os requisitos para unha competencia efectiva e xusta.
- c) Unha fácil estimación polo usuario do prezo da chamada.
- d) Unha fácil identificación polo usuario chamante dos servizos e, se é o caso, zonas xeográficas.
- e) Os intereses dos afectados e, en particular, dos usuarios, e os gastos de adaptación que se deriven para os operadores de redes e de servizos.
- f) As posibilidades prácticas dos sistemas e redes existentes.
- g) Os acordos, recomendacións e normas internacionais aplicables. En particular, teranse en conta os criterios que se establezan para a harmonización europea dos plans nacionais de numeración, enderezamento e denominación.

h) Outros aspectos que se consideren relevantes para a protección dos dereitos dos consumidores e usuarios.

**Artigo 34. *Condicións de prestación dos servizos.***

Os plans nacionais de numeración, enderezamento e denominación, e as súas disposicións de desenvolvemento designarán e, se é o caso, definirán os servizos para os cales se poidan utilizar os ditos recursos públicos, e poderán incluír calquera requisito relacionado coa prestación de tales servizos. Estes requisitos serán proporcionados e xustificados obxectivamente.

Para os ditos efectos, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, logo do informe da entidade encargada da xestión e o control dos recursos públicos correspondentes, elaborará un cadro inicial no cal se especifiquen os requisitos relacionados coa prestación de cada servizo en función dos recursos públicos de numeración, enderezamento ou denominación utilizados. As resolucións de desenvolvemento dos plans nacionais numeración, enderezamento e denominación poderán modificar o contido do dito cadro.

**Artigo 35. *Plan nacional de numeración telefónica.***

En relación co plan de numeración para telecomunicacións públicas internacionais, será de aplicación en España o plan nacional de numeración telefónica aprobado polo Real decreto que aproba este regulamento.

### CAPÍTULO III

#### **Xestión e control dos plans nacionais**

**Artigo 36. *Concepto de xestión.***

Para os efectos deste regulamento, entenderase por xestión dos recursos públicos de numeración, enderezamento e denominación a súa asignación aos operadores de servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público, nos termos que nel se especifican.

Exclúese do concepto de xestión dos recursos públicos de numeración, enderezamento e denominación a súa asignación directa aos usuarios finais.

**Artigo 37. *Criterios xerais para aplicar na asignación de recursos públicos aos operadores.***

1. Os operadores de servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público terán dereito a obter asignacións de recursos públicos de numeración, enderezamento e denominación, na medida en que o necesiten para permitir a efectiva prestación de tales servizos.

Adicionalmente, os plans nacionais, ou as súas disposicións de desenvolvemento, poderán determinar os servizos para cuxa prestación poderán obter recursos públicos de numeración, enderezamento ou denominación entidades distintas das referidas no parágrafo anterior.

2. A asignación aos operadores de recursos públicos de numeración, enderezamento e denominación realízase de conformidade co plan nacional e co procedemento de asignación correspondentes. En ausencia destes, haberá que se ater ao disposto no artigo 27.3.

3. A asignación de recursos públicos de numeración, enderezamento e denominación estará suxeita á aplicación dos principios de proporcionalidade, transparencia, non-discriminación e obxectividade.

**Artigo 38. *Condicións xerais de uso dos recursos asignados.***

Os recursos públicos de numeración, enderezamento e denominación asignados estarán suxeitos ás seguintes condicións xerais:

a) Utilizaranse para o fin especificado na solicitude, salvo que o organismo encargado da xestión e o control autorice expresamente unha modificación de conformidade coa normativa aplicable.

b) Deberán permanecer baixo o control do operador titular da asignación.

c) Non poderán ser obxecto de transaccións comerciais.

d) Deberán utilizarse de forma eficiente, con respecto á normativa aplicable e, en todo caso, antes de que transcorran 12 meses desde a súa asignación.

**Artigo 39. *Transparencia na xestión dos recursos públicos.***

As asignacións de recursos públicos de numeración, enderezamento e denominación serán públicas, salvo no relativo a materias que poidan afectar a seguridade nacional.

**Artigo 40. *Control dos recursos asignados.***

1. O organismo encargado da xestión de cada plan velará pola adecuada utilización dos recursos asignados aos operadores, de acordo cos procedementos de control que determine o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

2. Subsidiariamente, en ausencia de procedementos de control, os titulares de asignacións de recursos públicos de numeración, enderezamento e denominación deberán remitir ao organismo a que se refire o punto 1, anualmente e no mes de xaneiro, sempre que transcorren máis de seis meses desde a data de notificación da asignación, as previsións de utilización dos recursos nos tres anos seguintes, así como a seguinte información relativa ao ano anterior:

a) O uso dado aos recursos asignados, especificando, se é o caso, a súa utilización para fins diferentes aos habituais.

b) A porcentaxe de recursos públicos utilizados e, se é o caso, a porcentaxe dos que por diferentes razóns, que deberán especificarse, non estean dispoñibles para a súa utilización.

c) O grao de coincidencia entre a utilización real e as previsións.

d) Calquera outra información que, xustificadamente, o organismo encargado da xestión e o control do plan nacional correspondente considere necesaria e lle requirise.

3. O organismo encargado da xestión e o control de cada plan nacional remitirá mensualmente ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio a información en formato electrónico sobre as asignacións e subasignacións efectuadas durante o mes anterior, para que este poida cumprir adecuadamente coa súa función de planificación.

**Artigo 41. *Xestión e control da numeración telefónica.***

En relación co plan nacional de numeración a que se refire o artigo 35, será de aplicación o procedemento de asignación de recursos públicos de numeración pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións descrito no capítulo V deste título.

## CAPÍTULO IV

**Conservación de números****Artigo 42. *Concepto de conservación de números.***

Con carácter xeral, e nas condicións que resulten aplicables estipuladas no artigo 46, a conservación de números permítelles aos abonados ao servizo telefónico dispoñible ao público manter os seus números cando cambien de operador, de servizo ou de localización física, ou cando concorran simultaneamente calquera destas circunstancias.

**Artigo 43. *Solucións técnicas e administrativas.***

1. Cando sexa preciso para lle dar cumprimento á normativa vixente sobre conservación de números, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións establecerá e fará públicas as solucións técnicas e administrativas aplicables.

2. As solucións técnicas e administrativas que se adopten para posibilitar a conservación dos números alíananse, na medida do posible, coas normas internacionais existentes e deberán cumprir, polo menos, os seguintes requisitos:

a) O abonado poderá conservar os seus números sen que iso supoña unha mingua apreciable da calidade do servizo nin unha redución do conxunto de facilidades suplementarias soportadas na interconexión das redes implicadas.

b) Non suporán a adopción de arquitecturas ou interfaces propietarias.

c) Deberán conservar, durante toda a fase de establecemento da chamada, a identificación da liña chamante.

d) Minimizarán o uso das redes dos operadores que cedan os números.

e) Garantirán que a información sobre os abonados que sexa preciso manter sexa a mínima necesaria, e que se establezan os mecanismos de acceso e xestión da información que impidan prácticas contrarias á competencia.

f) Facilitarán, na medida que sexa factible, a transparencia dos prezos para os usuarios chamantes.

**Artigo 44. *Obrigas e procedementos.***

1. Todos os operadores de redes telefónicas públicas, e os do servizo telefónico dispoñible ao público, deberán facilitar aos abonados que o soliciten a conservación dos seus números, nos termos previstos neste regulamento.

2. Os operadores só estarán obrigados a ceder os números dun determinado abonado cando este se dea de baixa como tal e, simultaneamente, de alta noutro operador. Enténdese que hai simultaneidade cando a solicitude de alta no novo operador inclúa unha petición a este para tramitar a súa baixa.

Con este obxecto, a dita petición deberá incluír un escrito do abonado, dirixido ao operador do cal pretenda darse de baixa, no cal comunique o seu desexo de causar baixa e de conservar os seus números.

3. A conservación do número efectuarase no prazo de catro días hábiles contados desde o seguinte ao da recepción da solicitude de baixa con conservación de números.

Durante o tempo da tramitación da baixa ou da conservación de números, ao abonado só se lle interromperá ou limitará a prestación do servizo polo tempo mínimo indispensable para adoptar as medidas a que se refire o parágrafo anterior. Para tal fin, os operadores afectados deberanse prestar recíproca colaboración.

4. Unha vez que o abonado que conservou os seus números cause baixa no último operador a que estaba abonado, caducarán todos os dereitos de uso deste operador sobre os números do dito abonado.

O operador en que cause baixa o abonado deberalle notificar inmediatamente esta situación ao operador que ten asignado o bloque a que pertencen os ditos números. A partir dun mes desde a recepción da dita notificación, e sempre que durante este período non houbese unha nova solicitude de conservación de números por parte do abonado, o operador que ten asignado o bloque de numeración exercerá todos os dereitos sobre os números.

5. Os operadores deberán levar, e pór á disposición da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, un rexistro actualizado dos números transferidos a outros operadores como consecuencia do exercicio do dereito á conservación de números.

**Artigo 45. *Contraprestacións económicas.***

1. Os custos derivados da actualización dos elementos de rede e dos sistemas necesarios para facer operativa a conservación dos números polos abonados deberán ser sufragados por cada operador, e non darán dereito a contraprestación económica ningunha.

2. A conservación de números por parte dun abonado que cambie de operador dará dereito, ao que anteriormente lle prestaba o servizo, á percepción dunha contraprestación económica fixa e por unha soa vez. Esta cantidade determinarase en función do custo directo relacionado cos procedementos necesarios para habilitar o cambio e será facturada ao operador receptor do abonado.

3. Se é o caso, os custos derivados do uso diferenciado dos recursos de rede en que incorran os operadores que participen no establecemento ou no transporte de chamadas a abonados que conservaron os seus números daránlles dereito a aqueles á percepción dunha contraprestación económica que será facturada ao operador receptor do abonado.

4. Na falta de acordo sobre a contía das contraprestacións económicas que se enumeran neste artigo, resolverá a Comisión do Mercado das Telecomunicacións, por solicitude de calquera das partes, no prazo establecido na normativa vixente.

5. En todo caso, os prezos de interconexión para a aplicación das facilidades de conservación dos números deberán estar orientados en función dos custos.

**Artigo 46. *Modalidades de conservación de números.***

1. Inicialmente, desde a data de entrada en vigor deste regulamento, os abonados disporán das seguintes modalidades de conservación dos seus números:

a) Cambio de operador, para o servizo telefónico fixo dispoñible ao público, cando non haxa modificación de servizo nin de localización xeográfica.

b) Cambio de operador, para o servizo telefónico móbil dispoñible ao público, aínda que cambie a modalidade do servizo prestado.

c) Cambio de operador, para os servizos de tarifas especiais e de numeración persoal, cando non haxa modificación do servizo.

2. Por orde do ministro de Industria, Turismo e Comercio, logo de informe da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, poderán regularse outras modalidades de conservación de números, así como calquera outra cuestión relacionada coa conservación dos números.

## CAPÍTULO V

**Procedemento de asignación de recursos públicos de numeración pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións****Artigo 47. Obxecto e ámbito.**

Este procedemento regula a asignación aos operadores, pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións, dos recursos públicos de numeración correspondentes ao plan nacional de numeración telefónica.

O acceso aos recursos públicos de numeración telefónica polos usuarios finais de forma directa e independente dos operadores será regulado, mediante orde, polo ministro de Industria, Turismo e Comercio para os rangos de numeración que, se é o caso, se designen polas disposicións de desenvolvemento do plan nacional de numeración telefónica.

Quedan fóra do ámbito de aplicación deste capítulo os supostos de selección competitiva ou comparativa para a asignación de números con valor económico excepcional, que serán regulados segundo o disposto no artigo 32.4.

**Artigo 48. Entidades con dereito a numeración.**

Terán dereito a obter recursos públicos de numeración do plan nacional de numeración telefónica os operadores de redes telefónicas públicas e do servizo telefónico dispoñible ao público, na medida en que o necesiten para permitir a súa efectiva prestación.

Adicionalmente, as disposicións de desenvolvemento do dito plan determinarán as redes e servizos para cuxa explotación ou prestación poderán obter recursos públicos de numeración entidades distintas das referidas no parágrafo anterior.

**Artigo 49. Subasignacións.**

Os operadores que presten servizos de comunicacións electrónicas pero non se encontren nos supostos sinalados no artigo anterior poderán utilizar as subasignacións que lles faciliten os titulares das asignacións, nas condicións previstas no artigo 59.b), logo de autorización da Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

Non obstante, non se poderán efectuar subasignacións de números pertencentes aos rangos atribuídos a servizos de tarificación adicional, salvo que expresamente se teña en conta esta posibilidade nas disposicións de desenvolvemento do plan nacional de numeración telefónica. Para estes efectos, o concepto de subasignación inclúe calquera forma de encomenda da xestión ou comercialización dos números.

**Artigo 50. Numeración de abonado.**

1. Os titulares de asignacións e subasignacións de recursos públicos de numeración proporcionaranlles os números de abonado aos seus clientes.

2. Cando, por motivos técnicos, ou en aplicación de disposicións de desenvolvemento do plan nacional de numeración telefónica, sexa imprescindible introducir cambios nos números de abonado, os titulares de asignacións e subasignacións deberánlles comunicar por escrito ao seus clientes, cunha antelación mínima de tres meses, os novos números telefónicos que lles vaian ser outorgados.

3. No suposto previsto no punto anterior, os operadores que provexan o servizo telefónico dispoñible ao público aos abonados afectados proporcionaranlles gratuitamente aos usuarios que marquen os números antigos, durante un período mínimo de tres meses, unha locución en rede que informe sobre o novo número que

debe marcarse, sen prexuízo do período de locucións e outros requisitos tendentes a preservar os dereitos dos usuarios establecidos, se é o caso, polas disposicións de desenvolvemento do plan nacional de numeración telefónica.

**Artigo 51. Tramitación de solicitudes.**

1. Os expedientes de asignación incoaranse por orde de presentación de solicitudes, salvo que se dispoña o contrario mediante resolución motivada, ou orde motivada da unidade administrativa correspondente, da Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

2. Para as asignacións de recursos públicos de numeración, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións tomará en consideración, entre outros, os seguintes criterios:

- a) A utilización racional dos recursos dispoñibles, co fin de evitar o seu esgotamento prematuro.
- b) A posta á disposición dos operadores dunha cantidade de números suficiente.
- c) O mantemento dunha competencia efectiva e xusta.
- d) A idoneidade dos recursos para o fin previsto.
- e) A compatibilidade entre as asignacións de distintos operadores.
- f) Facilitar a transparencia nos prezos aplicables aos usuarios chamantes.

3. Non se terán en conta, para as asignacións, posibles criterios de identificación de operadores por razóns comerciais.

4. En todo caso, as asignacións de recursos públicos de numeración realizaranse conforme os principios de proporcionalidade, transparencia, non-discriminación e obxectividade, e segundo o disposto no plan nacional de numeración telefónica e as súas disposicións de desenvolvemento.

**Artigo 52. Iniciación do procedemento.**

1. O procedemento para a asignación de recursos públicos de numeración iníciase por solicitude do interesado. A solicitude dirixirase á Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

2. Na solicitude faranse constar, ademais dos datos a que se refire o artigo 70.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, os seguintes extremos:

- a) Unha descrición do plan de numeración que se vai utilizar.
- b) Unha xustificación da necesidade dos recursos solicitados.
- c) O uso previsto dos recursos solicitados, co detalle dos servizos ou facilidades que se van proporcionar.
- d) As previsións de utilización no tempo dos recursos solicitados.
- e) O código ou bloque de números preferido, se procede.
- f) O alcance territorial do servizo que se vai prestar cos recursos solicitados.
- g) A data de posta en servizo dos recursos solicitados, que non poderá exceder os doce meses desde a presentación da solicitude.
- h) A información tarifaria relacionada coa asignación solicitada.
- i) Calquera outra información que o solicitante considere oportuna para xustificar a súa solicitude.

3. Xunto coa solicitude deberá acreditarse a titularidade do servizo para o que se solicita a asignación.



**Artigo 53. Emenda de defectos.**

Se a solicitude non reúne os requisitos a que fai referencia o artigo anterior, requirirase o interesado para que emende a falta ou presente os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese no prazo de dez días, se terá por desistido da súa petición, que se arquivará sen máis trámite.

**Artigo 54. Requirimento de información.**

1. A Comisión do Mercado das Telecomunicacións poderá solicitar a información adicional que considere necesaria para un mellor coñecemento do uso que o operador vai facer dos recursos públicos de numeración solicitados para a súa asignación.

2. Igualmente, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións, na instrución do procedemento, poderá solicitar, coa adecuada xustificación, cantos informes sexan necesarios para resolver.

3. A Comisión do Mercado das Telecomunicacións velará polo mantemento da confidencialidade da información que o operador lle proporcione con ese carácter.

4. En todo caso, as solicitudes de información axustaranse ao disposto no artigo 9 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, información que deberá facerse pública na medida en que contribúa á consecución dun mercado aberto e competitivo, conforme o establecido na normativa nacional e comunitaria en materia de segredo comercial e industrial.

**Artigo 55. Resolución.**

Finalizada a tramitación, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións resolverá o outorgamento ou a denegación da asignación solicitada. Igualmente, poderá proceder ao seu outorgamento parcial ou realizar unha asignación alternativa de numeración que, ao seu xuízo, satisfaga as necesidades do solicitante. A resolución motivarase en todo caso.

Quen obtivese unha asignación de recursos públicos de numeración deberá satisfacer as taxas correspondentes que exixa a normativa vixente.

**Artigo 56. Prazo para resolver.**

O prazo máximo para resolver e notificar sobre o outorgamento da asignación dos recursos públicos de numeración será de tres semanas desde a entrada da solicitude no rexistro da Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

**Artigo 57. Resolución presunta.**

Transcorridos os prazos máximos sinalados no artigo anterior sen que recaese resolución expresa, a solicitude entenderase desestimada.

**Artigo 58. Recursos.**

As resolucións da Comisión do Mercado das Telecomunicacións polas que se outorgue ou denegue a asignación de recursos públicos de numeración porán fin á vía administrativa. Os interesados poderán interpor contra elas recurso contencioso-administrativo, conforme o disposto na Lei reguladora da dita xurisdición.

**Artigo 59. Condicións xerais para a utilización dos recursos públicos de numeración.**

A utilización dos recursos públicos de numeración asignados estará sometida ás seguintes condicións xerais:

a) Os recursos públicos de numeración utilizaranse para a prestación dos servizos nas condicións establecidas no plan nacional de numeración telefónica e as súas disposicións de desenvolvemento.

b) Os recursos asignados deberán utilizarse para o fin especificado na solicitude polo titular da asignación, salvo que a Comisión do Mercado das Telecomunicacións autorice expresamente unha modificación, de conformidade co establecido no artigo 62.

c) Os recursos asignados deberán permanecer baixo o control do titular da asignación. Non obstante, este, logo de autorización da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, poderá efectuar subasignacións sempre que o uso que se vaia facer dos recursos fose o especificado na solicitude.

d) Os titulares das asignacións de recursos públicos de numeración deberán levar, e pór á disposición da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, un rexistro actualizado que conteña, de forma detallada, o uso e o grao de utilización de cada bloque de números. Igualmente, deberán levar un rexistro actualizado dos números que se transferisen a outros operadores como consecuencia dunha petición dos usuarios realizada no exercicio do seu dereito á conservación dos números de abonado.

e) Os recursos públicos de numeración deberán ser utilizados polos titulares das asignacións de forma eficiente e con respecto á normativa aplicable e, en todo caso, antes de que transcorran 12 meses desde a súa asignación.

**Artigo 60. Posta en servizo dos recursos asignados.**

1. Será responsabilidade dos operadores que obtivesen unha asignación de recursos públicos de numeración informar os demais operadores do servizo telefónico dispoñible ao público, incluídos os non nacionais, da posta en servizo das asignacións efectuadas pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

2. Igualmente, será responsabilidade dos operadores que obtivesen unha asignación de recursos públicos de numeración negociar cos demais operadores do servizo telefónico dispoñible ao público os aspectos relevantes da posta en servizo de novos recursos de numeración asignados.

**Artigo 61. Control de asignacións.**

Os titulares de asignacións de recursos públicos de numeración remitirán á Comisión do Mercado das Telecomunicacións, anualmente e no mes de xaneiro, sempre que transcorresen máis de seis meses desde a data de notificación da resolución de outorgamento da asignación, as previsións de utilización dos recursos nos tres anos seguintes, así como a seguinte información relativa ao ano anterior:

a) O uso dado aos recursos asignados, e especificarán, se é o caso, a súa utilización para fins diferentes aos habituais e as subasignacións realizadas.

b) A porcentaxe de números asignados ao seus clientes e a dos números que, por diferentes razóns, que deberán especificarse, non estean dispoñibles para a súa utilización.

c) O grao de coincidencia entre a utilización real e as previsións.

d) A proporción de números transferidos a outros operadores por petición dos usuarios, no exercicio do seu dereito á conservación dos números.

e) Calquera outra información que, xustificadamente, lle requira a Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

**Artigo 62. *Modificación e cancelación de asignacións pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións.***

1. Mediante resolución motivada, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións poderá modificar ou cancelar as asignacións efectuadas nos seguintes supostos:

- a) Cando así o exixan motivos de utilidade pública ou interese xeral, nos que se inclúe a necesidade de garantir unha competencia efectiva e xusta.
- b) Por petición do interesado.
- c) Por causas imputables ao interesado, que serán as seguintes:

1.<sup>a</sup> Cando o titular dos recursos públicos de numeración asignados incumpra a normativa aplicable, en particular a relativa aos dereitos dos usuarios, ou as condicións xerais ou específicas.

2.<sup>a</sup> Cando, transcorrido o prazo de 12 meses desde o seu outorgamento, o titular dos recursos públicos de numeración asignados non fixese uso deles.

3.<sup>a</sup> Cando exista unha utilización dos recursos públicos de numeración manifestamente ineficiente.

4.<sup>a</sup> Cando se probe que o interesado precisa menos recursos públicos de numeración que os asignados.

2. A cancelación ou modificación de asignacións levarase a cabo logo de audiencia das partes interesadas e, cando sexa preciso, abrirase un período de información pública de 20 días para que os posibles usuarios afectados poidan formular as súas alegacións.

3. Cando unha parte substancial dunha asignación se transfira a outros operadores, como consecuencia do exercicio do dereito á conservación dos números de abonados, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións poderá reasignar estes recursos tras consultar coas partes interesadas. Neste caso, asignará, se o coida conveniente, novos recursos ao operador que obtivese inicialmente os que foron transferidos a outro operador.

**Artigo 63. *Rexistro público de numeración.***

1. A Comisión do Mercado das Telecomunicacións levará un rexistro público, ao que se poderá acceder por procedementos telemáticos, relativo ao estado dos recursos públicos de numeración.

2. Os códigos e bloques de números que pertencen a un rango habilitado para a súa asignación e que non aparecen no rexistro público pódense considerar, salvo erro, dispoñibles para ser solicitados.

3. Por orde do ministro de Industria, Turismo e Comercio determinaranse os datos relativos ás asignacións e subasignacións que deben inscribirse no rexistro e as súas normas reguladoras.

**Disposición adicional primeira. *Operadores que desenvolven actividades noutros sectores económicos.***

Os operadores que exploten redes públicas de comunicacións electrónicas ou subministren servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles para o público, que posúan dereitos especiais ou exclusivos para a prestación de servizos noutros sectores, no mesmo ou noutro Estado membro deberán:

- a) Levar unha contabilidade separada para as súas actividades asociadas coa subministración de redes ou servizos de comunicacións electrónicas, na mesma medida en que se exixiría se as ditas actividades fosen desempeñadas por empresas xuridicamente independentes, de maneira que se identifiquen todas as partidas de custos e ingresos, coa base de cálculo e os métodos de asignación detallados utilizados, relacionados coas súas actividades de subministración de redes ou servizos de

comunicacións electrónicas, incluído unha desagregación pormenorizada do activo fixo e dos custos estruturais, ou alternativamente,

- b) Establecer unha separación estrutural para as actividades asociadas coa subministración de redes ou servizos de comunicacións electrónicas.

A Comisión do Mercado das Telecomunicacións poderá determinar a non-aplicación destas obrigas aos operadores cuxo volume de negocios anual en actividades asociadas coas redes ou servizos de comunicacións electrónicas sexa inferior a 50 millóns de euros.

Cando os operadores que exploten redes públicas de comunicacións ou subministren servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles para o público non estean suxeitos ao dereito de sociedades e non cumpran os criterios da normativa comunitaria en materia de contabilidade aplicable ás pequenas e medianas empresas, os seus informes financeiros serán sometidos a unha auditoría independente e publicados. A dita auditoría efectuarase conforme as normas nacionais e comunitarias aplicables. Este requisito aplicarase así mesmo ás contas separadas exixidas na alínea a) anterior.

**Disposición adicional segunda. *Interoperabilidade dos equipos de consumo utilizados para a televisión dixital.***

1. Os equipamentos para a recepción de sinais de televisión dixital dispoñibles á venda, en aluguer ou noutras condicións, e con capacidade para descifrar sinais de televisión dixital, deberán incluír as seguintes funcións:

- a) O descifrado de sinais conforme o algoritmo de cifrado común europeo xestionado por unha organización europea de normalización recoñecida, na actualidade o Instituto Europeo de Normas de Telecomunicacións (ETSI).

- b) A visualización de sinais transmitidos en aberto, coa condición de que, nos casos en que o equipo se subministre en aluguer, o arrendatario se atope en situación de cumprimento do contrato correspondente.

2. Os aparellos analóxicos de televisión dotados dunha pantalla de visualización integral dunha diagonal visible superior a 42 centímetros comercializados para a súa venda ou aluguer deberán estar provistos, polo menos, dunha conexión de interface aberta, normalizada por unha organización europea de normalización recoñecida, que permita a conexión sinxela de periféricos e, en especial, de descodificadores e receptores dixitais adicionais.

Os aparellos dixitais de televisión dotados dunha pantalla de visualización integral dunha diagonal visible superior a 30 centímetros comercializados para a súa venda ou aluguer deberán estar provistos, polo menos, dunha conexión de interface aberta, normalizada por unha organización europea de normalización recoñecida ou conforme coa norma adoptada por esta ou coas especificacións adoptadas pola industria, e poder transferir todos os elementos dun sinal de televisión dixital, incluída a información relativa a servizos interactivos e de acceso condicional.

**Disposición adicional terceira. *Interconexión internacional.***

1. Os operadores de redes públicas de comunicacións electrónicas facilitarán a interconexión internacional aos operadores de redes públicas de comunicacións electrónicas autorizados noutros países que a soliciten, con respecto aos acordos internacionais celebrados por España en materia de interconexión.

2. O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, logo de informe da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, velará polo cumprimento dos principios de igualdade de trato nas condicións de interconexión entre as redes dos operadores nacionais e as dos estranxeiros.

3. Os operadores dos países pertencentes ao Espazo Económico Europeo estarán suxeitos a condicións de interconexión equivalentes ás establecidas para os operadores nacionais.

Disposición adicional cuarta. *Definición de termos.*

Para os efectos deste regulamento, os termos definidos no anexo I terán o significado que alí se lles asigna.

Disposición transitoria primeira. *Mercados de referencia existentes.*

Os mercados de referencia actualmente existentes, os operadores dominantes nos ditos mercados e as obrigas que teñen impostas os ditos operadores continuarán en vigor até que, de acordo co establecido no título II, se fixen os novos mercados de referencia, os operadores con poder significativo nos ditos mercados e as súas obrigas.

Disposición transitoria segunda. *Procedementos de xestión e control de recursos públicos de numeración, enderezamento e denominación.*

Os procedementos de xestión e control de recursos públicos de numeración, enderezamento e denominación que veña aplicando a Comisión do Mercado das Telecomunicacións e que non estean explicitamente regulados neste regulamento serán válidos até que se adopten os novos procedementos derivados da súa aplicación.

Para tal efecto, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións presentarálle ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, no prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor deste regulamento, unha descrición detallada dos procedementos aplicados, así como unha proposta de planificación dos recursos públicos involucrados.

## ANEXO I

### Definicións

1. Rede telefónica pública fixa: é a rede que se utiliza para a prestación do servizo telefónico dispoñible ao público desde puntos de terminación de rede en localizacións fixas.

2. Rede telefónica pública móbil: é a rede que se utiliza para a prestación do servizo telefónico dispoñible ao público desde puntos de terminación de rede en localizacións que non son fixas.

3. Servizo telefónico fixo dispoñible ao público: é a explotación comercial para o público do servizo telefónico desde puntos de terminación de rede en localizacións fixas.

4. Liñas susceptibles de arrendamento: son as constituídas por sistemas de telecomunicacións que lles ofrecen aos usuarios unha capacidade de transmisión transparente entre os puntos de terminación da rede e que non inclúen a conmutación á carta, entendendo por tal a función de conmutación controlable polo usuario que forma parte da subministración da liña arrendada. Poden comprender sistemas que permitan un uso flexible do largo de banda da liña susceptible de arrendamento, incluídas certas posibilidades de encamiñamento e xestión.

5. Atribución: o acto administrativo, derivado da planificación, polo que se destinan recursos públicos de

numeración, enderezamento ou denominación para a explotación dun ou varios servizos.

6. Adxudicación: o acto administrativo, derivado da planificación, polo que se destinan recursos públicos de numeración, enderezamento ou denominación para seren utilizados nunha determinada zona.

7. Asignación: a autorización concedida a un operador para utilizar determinados recursos públicos de numeración, enderezamento ou denominación na prestación dun servizo.

8. Asignación directa: a autorización concedida a un usuario final para utilizar determinados recursos públicos de numeración, enderezamento ou denominación no acceso a un servizo que lle sexa prestado por un operador.

## ANEXO II

### Lista mínima de elementos que deben figurar na oferta de referencia para o acceso desagregado ao bucle de abonado baseado en pares metálicos

Para os efectos deste anexo, consideraranse as seguintes definicións:

1. Bucle de abonado: os elementos que forman parte da rede pública telefónica fixa que conectan o punto de terminación de rede, onde finaliza a responsabilidade do operador dominante, co repartidor xeral ou instalación equivalente da central local da cal depende.

2. Subbucle de abonado: a parte do bucle de abonado que conecta o punto de terminación de rede, onde finaliza a responsabilidade do operador dominante, cun punto de concentración ou un punto de acceso intermedio.

3. Bucle vacante: os elementos que forman parte da rede pública telefónica fixa destinados a conectar o punto de terminación de rede dun futuro abonado, onde finaliza a responsabilidade do operador dominante, co repartidor xeral ou instalación equivalente da central local da cal depende.

4. Subbucle vacante: é a parte do bucle vacante destinado a conectar o punto de terminación de rede dun futuro abonado, onde finaliza a responsabilidade do operador dominante, cun punto de concentración ou un punto de acceso intermedio.

5. Acceso completamente desagregado ao bucle ou subbucle de abonado: conexión á rede do operador dominante que lles permite a outros operadores o uso exclusivo dos elementos que forman parte do bucle ou subbucle de abonado ou do bucle ou subbucle vacante.

6. Acceso compartido ao bucle ou subbucle de abonado: conexión á rede do operador dominante que lles permite a outros operadores o uso de frecuencias non vocais do espectro sobre o bucle ou subbucle de abonado, mantendo o operador dominante a prestación do servizo telefónico fixo dispoñible ao público.

7. Acceso desagregado: abarca tanto o acceso completamente desagregado como o acceso compartido ao bucle ou subbucle de abonado.

8. Recursos asociados ao acceso desagregado ao bucle de abonado: elementos ou recursos ligados á provisión do acceso desagregado ao bucle de abonado aos cales os operadores autorizados deben ter acceso para poderen proporcionar os seus servizos en condicións xustas e competitivas. En particular, consideraranse recursos asociados os relacionados coa localización, cableado e enlaces de conexión de equipamentos e sistemas de información relevantes.

9. Punto de acceso: lugar onde se realiza a conexión entre a rede do operador dominante e a rede do operador autorizado, que delimita as responsabilidades entre ambos os operadores.

10. Localización ou localización física: provisión, nos edificios onde se albergan os elementos de rede en que se facilita acceso desagregado ao bucle de abonado, de espazo, recursos técnicos, condicións de seguridade e de acondicionamento necesarios para a instalación dos equipamentos empregados polos operadores autorizados e a súa conexión aos bucles de abonado da rede do operador dominante.

#### I. Condicións para o acceso desagregado ao bucle de abonado

1. Elementos da rede nos cales se oferta acceso desagregado ao bucle de abonado, incluíndo, se é o caso o acceso a bucles e subbucles. (Esta información poderá facerse dispoñible unicamente para as partes interesadas).

2. Situación, número e dispoñibilidade de bucles rango de numeración xeográfica e área de servizo correspondente a cada punto ou elemento no cal se oferta o acceso e a súa data de dispoñibilidade.

3. Información dispoñible sobre os parámetros relevantes dos bucles de abonado correspondentes a cada punto de acceso ao bucle.

4. Condicións técnicas relacionadas co acceso e uso dos bucles de abonado e criterios obxectivos nos cales se basee a adopción de medidas no caso de que existan restricións no acceso ao bucle de abonado.

5. Descrición das condicións e procedementos para a cualificación de bucles.

6. Características dos elementos dispoñibles para o establecemento de enlaces externos desde os puntos de acceso.

7. Descrición das tarefas de mantemento dos bucles de abonado.

8. Procedementos para o tratamento de solicitudes de acceso, comunicación de incidencias e restricións de uso.

9. Procedementos para a coordinación das solicitudes de acceso completamente desagregado cos mecanismos de conservación do número establecido.

#### II. Localización de equipamentos

1. Información sobre os lugares en que se pode proporcionar acceso desagregado ao bucle de abonado, en particular, localización exacta das instalacións: conmutadores, repartidores principais, concentradores puntos de distribución distantes, etc. (esta información poderá facerse dispoñible unicamente para as partes interesadas), opcións de localización dispoñibles en cada un deles e características das ditas opcións e, se é o caso, espazo dispoñible e estado de acondicionamento deste.

2. Requisitos ou restricións para equipos localizados polos operadores autorizados.

3. Normas de protección das instalacións e acceso aos equipos polos operadores e outras normas de seguridade.

4. Condicións en que os operadores autorizados poderán visitar os lugares susceptibles de utilización para a localización e os lugares en que se rexeitase a colocación por motivos de falta de espazo.

5. Criterios para a atención de solicitudes de localización, en particular, cando exista limitación de espazo.

#### III. Sistemas de información

1. Condicións de acceso a información ou sistemas relevantes dos operadores para a comunicación e seguimento de solicitudes de acceso desagregado ao bucle de abonado, mantemento, incidencias, facturación, etc.

2. Condicións de acceso a información sobre as características dos bucles de abonado e a súa capacidade para soportar servizos avanzados.

#### IV. Condicións da subministración

1. Prezos correspondentes aos elementos citados anteriormente, suficientemente desagregados, e referidos tanto aos prezos iniciais coma aos prezos recorrentes.

2. Contratos tipo para a provisión do acceso desagregado ao bucle de abonado. Estes contratos incluírán, polo menos, condicións referidas a prazos de compromiso para a provisión dos accesos, recursos asociados e reparación de avarías, con indicación das compensacións existentes por incumprimentos. Tamén incluírán procedementos para a localización de equipos e formulación de reclamacións e condicións de mantemento.

3. Prazos obxectivos de resposta a solicitudes de acceso ao bucle e a recursos asociados, niveis de servizo dispoñibles, resolución de avarías, procedementos de escalada e parámetros de calidade de servizo.

4. Plan de despregamento que conteña os criterios que se aplicarán para a dispoñibilidade comercial do acceso ao bucle de abonado da rede pública telefónica fixa, para satisfacer a demanda dos operadores.

### ANEXO DO REAL DECRETO

#### Plan nacional de numeración telefónica

##### 1. *Ámbito*

Os recursos públicos a que se refire este plan son os correspondentes, no ámbito nacional, ao plan internacional de numeración descrito na Recomendación E.164 da Unión Internacional de Telecomunicacións.

Non obstante, poderán ditarse ao seu amparo disposicións de desenvolvemento que regulen a utilización en España de rangos de numeración internacional, así como de símbolos non numéricos utilizados na prestación de facilidades asociadas ao servizo telefónico dispoñible ao público.

##### 2. *Principios xerais*

2.1 A prestación do servizo telefónico dispoñible ao público levarase a efecto mediante a utilización dos recursos públicos deste plan.

2.2 Os rangos de numeración que se atribúan ou se adxudiquen serán habilitados polos operadores que presten o servizo telefónico dispoñible ao público, nos termos que estableza a disposición de desenvolvemento correspondente.

En particular, os números curtos que se atribúan a servizos de interese social serán habilitados por todos os operadores que presten o servizo telefónico dispoñible ao público, os cales deberán acordar, coas autoridades competentes titulares de tales servizos, os aspectos relativos ao tratamento e encamiñamento de chamadas aos centros de atención correspondentes. En todo caso, o acceso polos usuarios aos servizos de interese social non requirirá da marcación de prefixos nin códigos de escape, salvo desde terminais pertencentes ao ámbito de redes privadas, cando sexa imprescindible por razóns técnicas.

2.3 Os recursos públicos de numeración serán utilizados, polos operadores aos que lles sexan asignados, para a prestación dos servizos nas condicións establecidas neste plan ou nas súas disposicións de desenvolvemento, e demais normativa establecida no real decreto que aproba este plan.

2.4 Os operadores deberán dimensionar e configurar as súas redes de forma que lles permitan ao seus abonados a marcación de calquera secuencia de cifras e símbolos que resulte da aplicación deste plan de numeración ou das súas disposicións de desenvolvemento.

### 3. Normas aplicables

3.1 Nas disposicións de desenvolvemento deste plan teranse en consideración as normas e recomendacións internacionais pertinentes, en particular, as emanadas da Unión Europea, a Unión Internacional de Telecomunicacións (UIT), a Conferencia Europea de Correos e Telecomunicacións (CEPT) e o Instituto Europeo de Normas de Telecomunicación (ETSI).

3.2 O indicativo de país «34», adxudicado a España pola UIT, marcarase despois do prefixo internacional, precedendo ao número nacional, para as chamadas efectuadas desde o estranxeiro con destino a España.

3.3 Os operadores adecuarán as súas redes e sistemas para que, tendo en conta as recomendacións pertinentes da UIT, se poidan efectuar desde España chamadas a números internacionais de até 15 cifras.

3.4 O plan de numeración utiliza exclusivamente os 10 díxitos decimais, de 0 a 9. Non obstante, mediante disposicións de desenvolvemento deste plan, poderase regular o emprego dos símbolos «#» e «\*» cando iso sexa de interese para os usuarios na utilización de facilidades asociadas ao servizo telefónico dispoñible ao público.

3.5 Para posibilitar a utilización conxunta de letras e números nos procedementos de marcación telefónica, recoméndase a incorporación, nos teclados dos equipos terminais, do seguinte xogo de símbolos descrito na Recomendación E.161, opción A, da UIT:

1. Sen letras.
2. ABC.
3. DEF.
4. GHI.
5. JKL.
6. MNO.
7. PQRS.
8. TUV.
9. WXYZ.
0. Sen letras.

### 4. Número nacional

4.1 O número nacional consta de nove díxitos representados pola secuencia alfabética «NXYABMCDU», no cal «N» é o díxito máis significativo.

4.2 Non obstante o establecido no punto 4.1, os números curtos terán unha lonxitude inferior a nove díxitos. Ademais, mediante atribución poderanse habilitar cadeas de numeración de lonxitude distinta a nove cifras para determinadas aplicacións. Nestes casos, terase en conta a conveniencia de evitar que as redes telefónicas públicas teñan que implantar mecanismos de temporización para poder discriminar distintas secuencias de marcación.

4.3 Os díxitos «NXYA» poderán atribuírse a servizos ou adxudicarse a zonas xeográficas, así como incluír información sobre o prezo das chamadas telefónicas.

4.4 Os valores do díxito «N» atribúense inicialmente da seguinte forma:

- |      |  |
|------|--|
| N=0. | Servizos de numeración curta e prefixos.   |
| N=1. | Servizos de numeración curta e prefixos.   |
| N=2. | Pendente de atribución.  |
| N=3. | Pendente de atribución.  |
| N=4. | Pendente de atribución.  |
| N=5. | Pendente de atribución.  |
| N=6. | Servizos de comunicacións móbiles.   |
| N=7. | Servizos de numeración persoal (X=0) e pendente de atribución (X ≠ 0).   |
| N=8  | Servizos de numeración xeográfica (X ≠ 0,9), tarifas especiais e acceso á internet (X=0), e pendente de atribución (X=9).            |
| N=9  | Servizos de numeración xeográfica e radiobusca (X ≠ 0), tarifas especiais e acceso á internet (X=0), e pendente de atribución (X=9). |

Os segmentos e bloques de numeración pendentes poderanse atribuír posteriormente en función das necesidades que xurdan.

Inclúese no apéndice deste plan unha lista de atribucións e adxudicacións vixentes, as cales poderán ser obxecto de modificación ou cancelación posterior, se fose necesario no desenvolvemento das funcións de planificación da numeración.

4.5 Para optimizar a planificación e a xestión dos recursos públicos definidos neste plan de numeración, as atribucións, adxudicacións e asignacións faranse deixando libre, na medida do posible, algún valor particular do díxito «X» para a súa utilización posterior.

### 5. Plan de marcación

5.1 Este plan de numeración non incorpora prefixo nacional, polo que os usuarios deberán marcar o número nacional completo para todo tipo de chamadas telefónicas, sen prexuízo do estipulado no punto 4.

5.2 O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio poderá definir, con carácter excepcional, as condicións para a utilización de determinados prefixos para prover unha maior información ao usuario ou para optimizar o uso dos recursos públicos de numeración.

5.3 O prefixo internacional é a secuencia de cifras «00», que deberá anteporse ao número internacional para efectuar chamadas con destino fóra do territorio nacional.

5.4 Os operadores poderán habilitar sistemas internos de marcacións abreviadas dentro do rango de números que lles sexa asignado, pero deberán adecuar as súas redes para aceptar a marcación nacional completa para todo tipo de chamadas. Igualmente, os operadores poderán utilizar internamente, logo de autorización do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, os rangos de numeración que permanezan sen atribuír; neste caso, o dito ministerio poderá ditar as instrucións que sexan oportunas para preservar os dereitos dos usuarios e optimizar o uso dos recursos. En todo caso, a utilización polos operadores de marcacións internas no ámbito das súas redes non supón dereito ningún respecto dos recursos públicos de numeración, incluíndo os símbolos non numéricos.

5.5 Os códigos de selección de operador terán os formatos «103A(B)(M)», «104A(B)(M)», «105A(B)(M)» e «107A(B)(M)». Poderanse definir mediante atribución códigos de lonxitudes desde catro até seis cifras. Adicionalmente, poderanse atribuír outros segmentos para este fin.

5.6 Cando se faga uso da posibilidade de selección de operador chamada a chamada, marcarase en primeiro lugar o código do operador elixido, seguido ben do número nacional para chamadas nacionais ben das cifras «00» e do número internacional para chamadas destinadas fóra do territorio nacional, respectivamente.

5.7 Os códigos que se utilicen para inhabilitar a presentación do número chamante no terminal chamado marcaranse precedendo a calquera secuencia de marcación que se utilice para establecer a comunicación.

5.8 Adicionalmente, as disposicións de desenvolvemento deste plan de numeración poderán definir secuencias de marcación distintas das previstas nos parágrafos anteriores.

### 6. Rango de numeración xeográfica

6.1 Este plan de numeración atribúe inicialmente os segmentos N = 8 e 9, para os valores da cifra X distintos de 0 e 9, excluído radiobusca, ao rango de numeración xeográfica. Cada zona provincial de numeración dispón dun ou varios indicativos definidos polas cifras «NXY». O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, tendo en conta a demanda de números, adxudicará os bloques

«NXY» ás diferentes zonas telefónicas provinciais, procurando unha óptima utilización dos recursos.

6.2 Para os efectos de posibilitar a diferenciación de prezos na prestación do servizo telefónico dispoñible ao público e facilitar o encamiñamento das chamadas, o territorio nacional organizase en 50 zonas provinciais de numeración nas cales se integran actualmente un total de 508 distritos telefónicos.

6.3 Os límites das zonas provinciais de numeración, e dos distritos telefónicos, son de aplicación para todos os operadores, polo que estes deberán utilizar, dentro de tales límites, os bloques de números que lles sexan asignados. En consecuencia, a información contida en calquera número de abonado do rango de numeración xeográfica será suficiente para que se poida coñecer, mediante a análise das cifras marcadas, o distrito telefónico de destino das chamadas.

6.4 Para racionalizar a estrutura territorial dos distritos telefónicos, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio poderá modificar os límites e o número deles. Igualmente, poderá definir novas zonas de numeración cando iso sexa de interese para os usuarios e os operadores na utilización da numeración.

O trámite de modificación dun distrito para os efectos de conseguir unha maior coincidencia entre límites telefónicos e administrativos iníciase por instancias dos concellos interesados.

En todo caso, as modificacións a que se refiren os dous parágrafos anteriores non suporán dereito de indemnización para as partes afectadas.

6.5 As asignacións aos operadores efectuaranse, para cada distrito telefónico, en bloques de 10.000 números ou, en casos xustificadas, de 1.000 números. Os operadores poderán solicitar a asignación de recursos públicos de numeración para ser utilizados dentro dunha determinada zona provincial de numeración; en tal caso, deberánlle comunicar ao organismo encargado da xestión e control deste plan de numeración, cunha antelación mínima igual ao prazo que se estableza para comunicar a apertura en interconexión da numeración, os distritos telefónicos nos cales se porán en servizo os bloques asignados.

### 7. Rango de numeración para servizos de comunicacións móbiles

7.1 Este plan de numeración atribúe inicialmente o segmento N=6 ao rango de numeración para servizos de comunicacións móbiles. A partir do 31 de decembro de 2006, quedará liberado calquera código pertencente ao segmento N=9 que, se é o caso, se estea utilizando para a prestación de servizos de comunicacións móbiles, incluído o servizo de radiobusca.

7.2 As asignacións aos operadores efectuaranse en bloques de números cuxo tamaño se determinará en función das necesidades existentes. Tales bloques seleccionaranse tendo en conta asignacións previas do solicitante e doutros que ofrezan servizos similares. Un mesmo código de tres cifras «NXY» poderá ser compartido, se o coidase necesario o organismo encargado da xestión e o control deste plan de numeración, por diferentes operadores ou por diferentes redes ligadas a un mesmo operador.

7.3 Os cambios de números de abonado, con motivo da migración ao rango de numeración para servizos de comunicacións móbiles, efectuaranse, sempre que sexa posible, cambiando unicamente a primeira cifra do número nacional.

### 8. Rango de numeración para servizos de numeración persoal

8.1 Este plan de numeración atribúe inicialmente o segmento N=7, para o valor cero da cifra X, aos servizos de numeración persoal.

8.2 Sen prexuízo do que determine, se é o caso, a normativa aplicable en relación coa asignación directa de números aos abonados, os bloques asignados aos operadores terán, con carácter xeral, unha capacidade de 1.000 números.

### 9. Rango de numeración para servizos de tarifas especiais

9.1 Este plan de numeración atribúe inicialmente os segmentos N=8 e 9, para o valor cero da cifra X, excepto o acceso á internet, aos servizos de tarifas especiais, nos cales o usuario chamante afronta unhas cargas maiores ou menores que o custo real dos medios de telecomunicacións empregados polos operadores (tales como os servizos de cobramento revertido automático, de custo compartido e de tarificación adicional).

9.2 Sen prexuízo do que determine, se é o caso, a normativa aplicable en relación coa asignación directa de números aos abonados, os bloques asignados aos operadores terán, con carácter xeral, unha capacidade de 1.000 números.

9.3 O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio atribuirá os segmentos do rango de numeración para servizos de tarifas especiais de forma que se lle facilite ao usuario chamante a diferenciación de prezos e, se é o caso, de contidos, mediante a análise das tres ou catro primeiras cifras.

### 10. Números curtos

10.1 Sen prexuízo do previsto no punto 5.5 e nos parágrafos seguintes deste punto, os números curtos terán con carácter xeral os formatos «0XY (X ≠ 0)» e «1XYA». Non obstante, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, en función da experiencia obtida no uso da numeración, decidirá sobre a permanencia ou liberación dos números curtos do tipo «0XY».

10.2 Os números curtos cuxos dous díxitos máis significativos coincidan con secuencia «11» utilizaranse para acceder a servizos harmonizados no ámbito europeo.

10.3 Cando non exista risco de provocar erros na marcación ou encamiñamentos incorrectos, poderanse definir, mediante atribución, estruturas de números curtos de lonxitudes distintas ás sinaladas nos parágrafos anteriores.

10.4 Defínense os seguintes tipos de números curtos:

a) Números atribuídos a servizos de interese social, os cales se deberán habilitar en todas as redes telefónicas públicas que provexan o acceso aos usuarios.

b) Números destinados a ser utilizados como soporte ou complemento na prestación de servizos de telecomunicación e cuxo significado sexa de interese para a poboación en todo o territorio nacional. Estes números, unha vez atribuídos, poderán ser usados por todos os operadores e non se poderán empregar para fins distintos dos que se especifiquen nas disposicións de atribución correspondentes.

c) Números asignados aos operadores e prestadores de servizos, tales como os códigos de selección de operador e outros. Estes números deberánse habilitar en todas as redes telefónicas públicas que deban proporcionar acceso aos servizos prestados a través deles.

d) Números destinados a ser utilizados internamente no ámbito de cada operador. Estes números poderanse atribuír e asignar, se a dispoñibilidade e previsión de recursos públicos o permite, para a súa utilización discrecional por todos os operadores.

## APÉNDICE

## Lista de atribucións e adxudicacións vixentes do plan nacional de numeración telefónica

Cifras iniciais do número nacional	Lonxitude número nacional		Utilización	Información adicional
	Lonxitude máxima	Lonxitude mínima		
0	3	3	Numeración curta.	
00	2	2	Prefixo internacional.	
1	4	4	Numeración curta.	
103	6	4	Códigos de selección de operador.	
104	6	4	Códigos de selección de operador.	
105	6	4	Códigos de selección de operador.	
107	6	4	Códigos de selección de operador.	
112	3	3	Servizo de atención de chamadas de urxencia.	
118	5	5	Servizos de información sobre números de abonado.	Compartido por varios operadores.
6	9	9	Servizos móbiles e radiobusca.	Compartido por varios operadores.
70	9	9	Servizo de numeración persoal.	
800	9	9	Servizo de cobramento revertido automático.	
803	9	9	Servizo de tarificación adicional.	Servizos de adulto.
806	9	9	Servizo de tarificación adicional.	Servizos de ocio e entretemento.
807	9	9	Servizo de tarificación adicional.	Servizos profesionais.
822	9	9	Numeración xeográfica.	Santa Cruz de Tenerife.
824	9	9	Numeración xeográfica.	Badajoz.
828	9	9	Numeración xeográfica.	Las Palmas.
843	9	9	Numeración xeográfica.	Gipuzkoa.
848	9	9	Numeración xeográfica.	Navarra.
856	9	9	Numeración xeográfica.	Cádiz.
858	9	9	Numeración xeográfica.	Granada.
868	9	9	Numeración xeográfica.	Murcia.
871	9	9	Numeración xeográfica.	Illes Balears.
872	9	9	Numeración xeográfica.	Girona.
873	9	9	Numeración xeográfica.	Lleida.
876	9	9	Numeración xeográfica.	Zaragoza.
877	9	9	Numeración xeográfica.	Tarragona.
881	9	9	Numeración xeográfica.	A Coruña.
886	9	9	Numeración xeográfica.	Pontevedra.
900	9	9	Servizo de cobramento revertido automático.	
901	9	9	Servizo de chamadas de pagamento compartido.	
902	9	9	Servizo de chamadas de pagamento polo abonado chamante sen retribución para o abonado chamado.	
905	9	9	Servizo de chamadas masivas.	
907	9	9	Servizo de tarificación adicional.	Sobre sistemas de datos.
908	9	9	Acceso á internet.	Factura o operador de acceso.
909	9	9	Acceso á internet.	Non factura o operador de acceso.
911	9	9	Numeración xeográfica.	Madrid.
912	9	9	Numeración xeográfica.	Madrid.
913	9	9	Numeración xeográfica.	Madrid.
914	9	9	Numeración xeográfica.	Madrid.
915	9	9	Numeración xeográfica.	Madrid.
916	9	9	Numeración xeográfica.	Madrid.
917	9	9	Numeración xeográfica.	Madrid.
918	9	9	Numeración xeográfica.	Madrid.
920	9	9	Numeración xeográfica.	Ávila.
921	9	9	Numeración xeográfica.	Segovia.
922	9	9	Numeración xeográfica.	Santa Cruz de Tenerife.
923	9	9	Numeración xeográfica.	Salamanca.
924	9	9	Numeración xeográfica.	Badajoz.
925	9	9	Numeración xeográfica.	Toledo.
926	9	9	Numeración xeográfica.	Ciudad Real.
927	9	9	Numeración xeográfica.	Cáceres.
928	9	9	Numeración xeográfica.	Las Palmas.
931	9	9	Numeración xeográfica.	Barcelona.
932	9	9	Numeración xeográfica.	Barcelona.
933	9	9	Numeración xeográfica.	Barcelona.
934	9	9	Numeración xeográfica.	Barcelona.
935	9	9	Numeración xeográfica.	Barcelona.
936	9	9	Numeración xeográfica.	Barcelona.

Cifras iniciais do número nacional	Lonxitude número nacional		Utilización	Información adicional
	Lonxitude máxima	Lonxitude mínima		
937	9	9	Numeración xeográfica.	Barcelona.
938	9	9	Numeración xeográfica.	Barcelona.
940	9	9	Servizo de acceso ao servizo de radiobusca.	
941	9	9	Numeración xeográfica.	La Rioja.
942	9	9	Numeración xeográfica.	Cantabria.
943	9	9	Numeración xeográfica.	Gipuzkoa.
944	9	9	Numeración xeográfica.	Bizkaia.
945	9	9	Numeración xeográfica.	Álava.
946	9	9	Numeración xeográfica.	Vizcaya.
947	9	9	Numeración xeográfica.	Burgos.
948	9	9	Numeración xeográfica.	Navarra.
949	9	9	Numeración xeográfica.	Guadalajara.
950	9	9	Numeración xeográfica.	Almería.
951	9	9	Numeración xeográfica.	Málaga.
952	9	9	Numeración xeográfica.	Málaga.
953	9	9	Numeración xeográfica.	Jaén.
954	9	9	Numeración xeográfica.	Sevilla.
955	9	9	Numeración xeográfica.	Sevilla.
956	9	9	Numeración xeográfica.	Cádiz.
957	9	9	Numeración xeográfica.	Córdoba.
958	9	9	Numeración xeográfica.	Granada.
959	9	9	Numeración xeográfica.	Huelva.
960	9	9	Numeración xeográfica.	Valencia/València.
961	9	9	Numeración xeográfica.	Valencia/València.
962	9	9	Numeración xeográfica.	Valencia/València.
963	9	9	Numeración xeográfica.	Valencia/València.
964	9	9	Numeración xeográfica.	Castellón/Castelló.
965	9	9	Numeración xeográfica.	Alicante/Alacant.
966	9	9	Numeración xeográfica.	Alicante/Alacant.
967	9	9	Numeración xeográfica.	Albacete.
968	9	9	Numeración xeográfica.	Murcia.
969	9	9	Numeración xeográfica.	Cuenca.
971	9	9	Numeración xeográfica.	Illes Balears.
972	9	9	Numeración xeográfica.	Girona.
973	9	9	Numeración xeográfica.	Lleida.
974	9	9	Numeración xeográfica.	Huesca.
975	9	9	Numeración xeográfica.	Soria.
976	9	9	Numeración xeográfica.	Zaragoza.
977	9	9	Numeración xeográfica.	Tarragona.
978	9	9	Numeración xeográfica.	Teruel.
979	9	9	Numeración xeográfica.	Palencia.
980	9	9	Numeración xeográfica.	Zamora.
981	9	9	Numeración xeográfica.	A Coruña.
982	9	9	Numeración xeográfica.	Lugo.
983	9	9	Numeración xeográfica.	Valladolid.
984	9	9	Numeración xeográfica.	Asturias.
985	9	9	Numeración xeográfica.	Asturias.
986	9	9	Numeración xeográfica.	Pontevedra.
987	9	9	Numeración xeográfica.	León.
988	9	9	Numeración xeográfica.	Ourense.

## MINISTERIO DE FOMENTO

**21908** REAL DECRETO 2387/2004, do 30 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do sector ferroviario. («BOE» 315, do 31-12-2004.)

A Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, regula no título II as infraestruturas ferroviarias, no título III a prestación dos servizos ferroviarios adicionais,

complementarios e auxiliares, no título IV o transporte ferroviario, no título VI a Administración ferroviaria e o Comité de Regulación Ferroviaria e no título VII o réxime de inspección.

Co fin de desenvolver a regulación citada no parágrafo anterior, e ao amparo do disposto na disposición derradeira primeira da Lei do sector ferroviario que habilita o Goberno para ditar as disposicións precisas para o desenvolvemento e cumprimento da lei, apróbase, mediante este real decreto, o Regulamento do sector ferroviario.